



FACULTADE DE FORMACIÓN
DO PROFESORADO

Traballo Fin de Grao

Grao en Mestre/a de Educación Primaria

Mención: Titoría e Xestión de Centros

Oportunidade: xullo 2017

O despoboamento rural galego como problema didáctico: un proxecto para o colexio público do Incio

La despoblación rural gallega como problema didáctico: un proyecto para el colegio público de O Incio

The depopulation of the Galician rural communities as didactic problem: project for the Incio public school

Autor: Somoza Fernández, Jesús

ÍNDICE

RESUMO E PALABRAS CHAVE

1. INTRODUCCIÓN.....	1
2. O DESPOBOAMENTO DO RURAL GALEGO: DA REFLEXIÓN Á ACTUACIÓN.....	2
2.1. UN PROXECTO DE CENTRO DENDE UNHA PERSPECTIVA CRÍTICA	2
2.2. TEMÁTICA PARA UN PROXECTO PROBLEMATIZADOR: DESPOBOAMENTO E ABANDONO DO RURAL GALEGO.....	8
2.3. O INCIO, UN CASO DE DESPOBOAMENTO RURAL GALEGO	14
3. METODOLOXÍA	16
3.1. CONTEXTO	16
3.2. COÑECER A PERCEPCIÓN DA COMUNIDADE: ENQUISAS.....	16
3.3. ELABORACIÓN DUN DESEÑO INICIAL DE PROXECTO	17
3.4. DISCUSIÓN DO PROXECTO INICIAL.....	22
4. DATOS RELEVANTES: A PERCEPCIÓN DO PROBLEMA E A DISCUSIÓN DO PROXECTO	23
4.1. AS ENQUISAS Á COMUNIDADE: PROBLEMA SOCIAL E ASUNTO EDUCATIVO.....	23
4.2. O PROXECTO DE CENTRO: DISCUSIÓN DO DESEÑO INICIAL	26
5. RESULTADO FINAL	29
5.1. PROPOSTA PARA A CLASE DE 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	29
5.1.1. <i>Sesión I. Descubrir a realidade e coñecer o despoboamento: Descubrindo e coñecendo.....</i>	30
5.1.2. <i>Sesión II. Problematización: Xogamos e aprendemos.....</i>	31
5.1.3. <i>Sesión III. Responder ao problema: Aprendemos respondendo.....</i>	32
5.1.4. <i>Sesión V. Conclusión: Repasamos o despoboamento</i>	33
5.1.5. <i>Sesión VI. Preparación do fin: Preparación do DTI</i>	33
5.2. PROPOSTA PARA A CLASE DE 3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	34
5.2.1. <i>Sesión I. Descubrir a realidade e coñecer o despoboamento: Coñecemos investigando.....</i>	35
5.2.2. <i>Sesión II. Problematización: O despoboamento móvenos.....</i>	36
5.2.3. <i>Sesión III. Responder ao problema: Os beneficios do noso entorno</i>	37
5.2.4. <i>Sesión V. Conclusión: Os beneficios do rural.....</i>	37
5.2.5. <i>Sesión VI. Preparación do fin: Preparación do DTI</i>	38

5.3. PROPOSTA PARA A CLASE DE 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	39
5.3.1. Sesión I. Descubrir a realidade: Comparacións do coñecido.....	39
5.3.2. Sesión II. Coñecer o despoboamento e a súa problematización: Analizar.....	40
5.3.3. Sesión III. Responder ao problema: Distintivo rural.....	41
5.3.4. Sesión V. Conclusión: Vídeo do despoboamento.....	42
5.3.5. Sesión VI. Preparación do fin: Preparando o retorno dos emigrados	42
5.4. SESIÓN IV DAS TRES PROPOSTAS. VALORAR O RURAL NO INCIO: VIAXAMOS POLO NOSO CONCELLO, SEMPRE APRENDENDO.....	44
5.5. SESIÓN VII DAS TRES PROPOSTAS. REMATE: DÍA TRADICIONAL DO INCIO (DTI)	44
6. CONCLUSIÓNS	46
7. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.....	47
ANEXO I: DISEÑO INICIAL DA PROPOSTA.....	52
ANEXO II: TÁBOA DESCRIPTIVA DO RESULTADO FINAL DA SAÍDA.....	73
ANEXO III: TÁBOA DAS ACTIVIDADES A REALIZAR NO DTI.....	75

RESUMO E PALABRAS CHAVE

Este traballo céntrase no despoboamento do rural galego, realidade que constitúe un problema fundamental da actual sociedade. De aí que xurda a necesidade de presentar no ámbito educativo un conflito sobre o cal reflexionar dentro das aulas a través da organización e xestión dun centro educativo. O tratamento do mesmo, será a partires da realización dun proxecto de centro crítico, abrindo o mesmo á realidade e á democracia e sometendo a toda a comunidade educativa ao desenvolvemento dunha conciencia crítica acerca desta problemática.

Observadas as opinións de moitas familias e profesorado vinculados ao colexio público do Incio a partires da realización de enquisas, xorde a necesidade de elaborar un proxecto que abrangue un conxunto amplo de actuacións didácticas e reflexivas que pretendan traballar de maneira principal co patrimonio inmaterial, como é o caso do despoboamento do rural.

Achéganse múltiples propostas destinadas a todos os cursos existentes na Educación Primaria do CEIP Ricardo Gasset, que teñen como misión a adquisición de competencias sociais e cívicas por parte do alumnado, en primeiro termo, e por toda a restante comunidade. Todas as propostas foron revisadas de maneira teórica por dúas mestras e responsables de centro (en distintas datas) con dilatada experiencia no colexio e que foron reformuladas unha vez debatidas as ideas coas mesmas e de maneira produtiva. O conxunto de propostas fanse de xeito transversal, de maneira que a meirande parte das áreas curriculares teñen a súa importancia no tratamento deste problema didáctico.

Palabras chave: despoboamento do rural galego, proxectos de centro, colexio do Incio, ensinanza crítica, Educación Primaria

RESUMEN Y PALABRAS CLAVE

Este trabajo se centra en la despoblación del rural gallego, realidad que constituye un problema fundamental de la actual sociedad. De ahí que surja la necesidad de presentar en el ámbito educativo un conflicto sobre el cual reflexionar dentro de las aulas a través de la organización y gestión de un

centro educativo. El tratamiento del mismo, será a partir de la realización de un proyecto de centro crítico, abriendo lo mismo a la realidad y a la democracia y sometiendo a toda la comunidad educativa al desarrollo de una conciencia crítica acerca de esta problemática.

Observadas las opiniones de muchas familias y profesorado vinculados al colegio público de O Incio a partir de la realización de encuestas, surge la necesidad de elaborar un proyecto que abarca un conjunto amplio de actuaciones didácticas y reflexivas que pretendan trabajar de manera principal con el patrimonio inmaterial, como es el caso de la despoblación del rural.

Se proponen múltiples propuestas destinadas a todos los cursos existentes en la Educación Primaria del CEIP Ricardo Gasset, que tienen como misión la adquisición de competencias sociales y cívicas por parte del alumnado, en primer término, y por toda la comunidad restante. Todas las propuestas fueron revisadas de manera teórica por dos maestras y responsables de centro (en distintas fechas) con dilatada experiencia en el colegio y que fueron replanteadas una vez debatidas las ideas con las mismas y de manera productiva. El conjunto de propuestas se hacen de manera transversal, de tal forma que la mayor parte de las áreas curriculares tienen su importancia en el tratamiento de este problema didáctico.

Palabras clave: despoblación del rural gallego, proyectos de centro, colegio de O Incio, enseñanza crítica, Educación Primaria

ABSTRACT AND KEYWORDS

This work focuses on the depopulation of the Galician rural communities, a reality that constitutes a fundamental problem for the current society. Hence arises the need to present in the educational field a conflict reflected inside the classrooms through the organization and management of an educational center. The treatment of the same, will be from the realization of a critical center project, opening it to reality and democracy and subjecting to the entire educational community the development of a critical conscience about this problem.

Having observed the opinions of many families and teachers linked to the public school of O Incio from surveys, arises the need to develop a project that covers a broad set of didactic and reflective actions that intend to work in the main way with the intangible heritage, such as the case of rural depopulation.

There are multiple proposals for all the existing courses in the Ricardo Gasset Primary School Education CEIP, whose mission is to acquire social and civic competences on the part of the students, in the first place, and for the rest of the community. All the proposals were reviewed theoretical by two teachers and those in charge of the center (on different dates) with extensive experience in the school and their ideas were once again debated with them productively. The set of proposals is done in a transversal way, so that most of the curricular areas have their importance in the treatment of this didactic problem.

Keywords: depopulation of Galician rural communities, projects of center, school of O Incio, critical education, Primary Education

1. INTRODUCCIÓN

Nas últimas décadas o rural galego está experimentando un forte decrecemento da súa poboación, o que leva á instauración dun problema que afecta a toda a cidadanía galega como é o despoboamento do seu rural, o que fai que este mesmo carrexese outros problemas como “o avellentamento demográfico, derivado da fuxida dos xoves cara ás cidades ou cabeceiras comarcais, e o constante declive da súa economía” (Armas Quintá & Macía Arce, 2012, p. 185). Este fenómeno, amais de ser tratado e afrontado polo conxunto da cidadanía, debe ser abordado nas escolas a partires da reflexión colectiva e dunha actividade democrática.

O presente traballo académico pode enmarcarse dentro da modalidade de “*estudos empíricos*”, servíndonos o mesmo para coñecer unha oportunidade que trate o problema do despoboamento rural galego a través dunha práctica crítica e sempre construtiva. O proxecto que máis adiante se procede a desenvolver, realizouse tendo en conta o CEIP Ricardo Gasset do Incio, colexio localizado na zona sur oriental da provincia de Lugo, nun municipio onde a preocupación existente acerca do constante e forte despoboamento é evidente e visible.

Para a formulación dun proxecto de centro que conte coas premisas anteriores, partiuse de analizar distintas enquisas respondidas polas familias e profesorado vencellados ao colexio público do Incio; a maiores diso, tivéronse en conta todos os datos extraídos de dúas entrevistas realizadas a dúas mestras, e responsables do centro en distintas datas, con experiencia superior aos cinco anos nese colexio. De aí que sopesemos que este centro educativo é idóneo para levar a cabo o proxecto que perseguimos polas súas características internas e externas.

Para levar a cabo a citada tarefa, dividiuse o traballo en seis partes, das cales, a primeira é a responsable de explicar e de xustificar a pertinencia da temática deste traballo; logo dedícase un apartado á parte teórica, dividida en tres subapartados relacionados. A terceira parte presenta a metodoloxía, na que se inclúe o contexto do proxecto, a percepción da comunidade acerca da temática central, así como tamén se explica a elaboración dun deseño do

proxecto inicial e a discusión ao que foi sometido. Posteriormente, analízanse todos os datos recollidos para presentar así na quinta parte o resultado final do proxecto. Ademais, teñen cabida as conclusións que son a consecuencia de todo o proceso.

Non considerando o medio rural unicamente como agrario nin definindo o mesmo como oposición ao urbano, cun ton pexorativo (Armas Quintá & Macía, 2015, p. 69), senón que considerando o rural como un patrimonio material e o seu despoboamento como inmaterial, tratarase de deseñar un proxecto que abarque a todo o centro, sendo útil de aplicar noutros colexios, e que procure o desenvolvemento dunha conciencia e reflexión crítica acerca deste problema en toda a comunidade educativa.

2. O DESPOBOAMENTO DO RURAL GALEGO: DA REFLEXIÓN Á ACTUACIÓN

2.1. UN PROXECTO DE CENTRO DENDE UNHA PERSPECTIVA CRÍTICA

Non é tarefa simple a xestión dun centro educativo, pois este é unha realidade complexa na que conviven múltiples suxeitos con diversas características, onde cabe ter presente a cada un dos mesmos. A organización dun colexio debe establecer accións coherentes e coordinadas cos seus principios e co xeito de entender a ensinanza polo conxunto do profesorado, cobrando importancia o feito de que “as escolas non poden ser tratadas como ‘caixas negras’, como se as súas características internas non tiveran a menor importancia” (Apple, 2000, pp. 125-126).

“Os proxectos de centro apelan a un pensamento e a unha práctica educativa” (San Fabián Maroto, 2011, p. 50) e será a través dos cales se procuren conseguir uns determinados obxectivos establecidos e se intente satisfacer os intereses así como as necesidades da comunidade educativa. Digamos, pois, que son a forma que se lle dá a un sentido de ensinanza, o piar a partir do cal se debe organizar a vida nun centro educativo, por iso, a construción do mesmo debe supor unha reflexión acerca do que se pretende.

Antúnez (1998, p. 19) establece que coa creación dun novo proxecto educativo, maniféstanse novas maneiras de traballar e desenvólvense novos valores, aludindo así ao concepto de proxecto como “o instrumento que recolle

o deseño deliberado de construír algo” (Antúnez, 1998, p. 19), quedando claro que o fundamento dun colexio debe ser froito da reflexión individual e colectiva.

No momento de xestionar e organizar unha escola, é importante ter en conta que “existen múltiples realidades construídas polos participantes nas organizacións, e que son esas construcións o obxecto de análise da disciplina e non a busca dunha suposta verdade subxacente a todas elas” (López Yáñez, 2006, p. 11), polo que no momento do deseño dun determinado proxecto educativo, se debe ter en conta un gran abano de posibilidades que enriquecerán o colexio en cuestión, non rexéndose así nunha e única suposta “verdade”.

Toda acción educativa debe ser consecuente co que se propón xa que, se ocorre o contrario, a continuidade e estabilidade que se debe proporcionar na educación do alumnado pode quedar en risco. A vida dun discente nun centro educativo pode ser entendida como unha carreira de fondo que terá uns obxectivos xerais determinados dende un principio, aínda que a maneira de correr varíe en función do lugar no que se atope. A escola será facilitadora de novas aprendizaxes, pero dela dependerá o modo de transmitir as mesmas, reducíndoas ao básico ou abrindoas á realidade.

Un colexio debe entenderse como un lugar social complexo, aberto á sociedade e con múltiples recursos educativos para crear cidadáns que manteñan relacións sociais e no que aprendan a convivir (Álvarez Fernández, 2000), quedando claro que as características do mesmo condicionarano no seu desenvolvemento diario. De aí que o proxecto educativo sexa a consecuencia da reflexión do conxunto do profesorado, así como da toma de decisións para a mellora da praxe docente.

Cómpre facer referencia a que os mestres adoitan presentar unha organización do seu traballo en base ao que coñecen, acomodándose a esta metodoloxía e facendo pouco por innovar e amosar interese por mellorar as prácticas educativas. E é que aos docentes “fáltanlles unhas competencias didácticas e pedagóxicas que lles permitan sacar un proveito real de organizacións máis flexibles e complexas, isto é, basicamente competencias de negociación e de cooperación” (Perrenoud, 2002). A profesión docente supón o

manexo dunha autonomía por parte do profesorado á par que a mellora das relacións interpersoais, supondo así que o traballo de mestre implica unha actuación que o afaste de procesos simples e de vagas ideas.

A ensinanza debe partir do coñecemento da realidade dos feitos, é dicir, da obxectividade, para así provocar no alumnado unha futura subxectividade, que lles permitan dar opinións fundamentadas, da realidade e na práctica, con total liberdade; digamos pois que a marcha educativa debe describir un proceso obxectivo para logo chegar a un fin subxectivo, fomentando sempre un comportamento crítico, que “xorde dunha actitude subxectiva de distancia á hora de analizar un fenómeno ou feito” (Gimeno Lorente, 2009, p. 109).

Se o que se pretende é elaborar un proxecto educativo adaptado á realidade, o primeiro obxectivo que debe ter e que se pode considerar fundamental é o desenvolvemento da conciencia crítica, tanto no alumnado coma no profesorado. É así como se conseguirá abrir os accesos a unha educación democrática, afastada do poder arbitrario e sen que teña cabida a imposición. Consistirá, pois, na creación dunha pedagogía crítica que se encargue de cuestionar os mecanismos de autoridade non baseados no diálogo e na democracia (Ayuste, Flecha, López Palma, & Lleras, 1999).

Xa Paulo Freire, quería que o oprimido obtivese unha conciencia crítica, baseada en prácticas dialóxicas e antiautoritarias (1989); polo que, na actualidade, débese perseguir nas escolas unha didáctica crítica, que debe ser a resposta ás necesidades xurdidas de diversos conflitos, problemas ou mesmo contradicións que se dan na práctica diaria educativa e que, se o que se procura é unha aprendizaxe centrada no entorno, a ensinanza deberá aportar unha solución. Deste xeito, o alumnado debe estar exento de coaccións e non debe estar obrigado nin inducido a presentar un determinado resultado, é dicir, a espontaneidade, unha certa autonomía e liberdade deben primar na educación.

Un proxecto educativo fundamentado nunha didáctica crítica, amais das características anteriormente sinaladas, leva a unha determinada forma de pensar, deliberada, sempre establecendo criterios en función de diversos axentes e fenómenos. Os valores humanos son traballados, xunto coa

cooperación, creatividade e solidariedade, e sempre co fin de tentar resolver problemas da mellor forma posible (Rojas Olaya, 2009). Trabállase dende a reflexión e apréndese pensando, quizais esta sexa unha das claves básicas no transcorrer de procesos e comportamentos na escola.

En cambio, calquera tipo de proposta educativa, non debería xirar en torno ao dogmatismo xa que este non somete á comunidade educativa á reflexión, toma os coñecementos como algo ríxido e indiscutible de seren postos en cuestión. A educación estaría morta se non se persegue a reflexión que é a que leva á evolución, polo que, se a sociedade evoluciona, a educación tamén o deberá facer. Mais promover unha ensinanza crítica non é tarefa fácil para o equipo directivo dun colexio ou para o profesorado, xa que existen diversos obstáculos como a “nosa concepción da investigación e as actitudes resultantes respecto desta; as concepcións e actitudes das alumnas e dos alumnos; as nosas formas anquilosadas de achegarnos á realidade” (Rojas Olaya, 2009, p. 96) que fan que a complexidade estea presente.

Sendo coherentes co exposto, unha aula dun colexio deberá ser un lugar aberto e influenciado polo que ocorra fóra do espazo da mesma; situación de apertura ben sexa dentro do propio colexio como de cara á sociedade; será un espazo social no que se discutan diversos aspectos teóricos e nos que se chegue ou atopen diversas solucións, que terán a súa orixe na reflexión do alumnado e nas cuestións críticas que a ou o docente configure. “A capacidade para afrontarse crítica e de xeito produtivo ao seu entorno material e social, a capacidade de autoxestión e autocontrol do proceso de aprendizaxe e a capacidade para a aprendizaxe social consciente” (Roith, 2006) pode que sexan uns dos principais obxectivos dentro da aula.

A organización dunha aula, debe ser o reflexo do deseño dun proxecto educativo, o cal debería levar implícito unha educación crítica, sendo oportuno que se crease unha metodoloxía de integración e se partise de problematizar o contexto social no que se atopa a escola. Todo iso para lograr así unha transversalidade temática a todas ou parte das áreas curriculares, e para coñecer e meditar acerca de cuestións próximas ao alumnado que lle afectan, directa ou indirectamente.

“A comprensión do sentido da práctica nas escolas, esixe unha análise procedente da realidade social, a partir da cal se articula a teoría, que ha de ser sometida de novo ao control da experiencia” (Santos Guerra, 1994, p. 108). O estudo da realidade nas escolas, supón o traballo cos distintos problemas que se van sucedendo e que deberán transcender dunha disciplina a outras, promovendo así que a adquisición de coñecementos por parte do alumnado sexa integrada, afastada da segmentación de contidos e enmarcada no quefacer diario da escola. Consiste en prescindir das fronteiras das diversas áreas para integralas todas nun único sistema crítico.

Os intereses sociais reflexionados, ben sexa por parte do alumnado como por parte da sociedade xeral, xunto coa creación dunha conciencia verdadeira, han de ser algo fundamental nunha aprendizaxe crítica, que teña en conta sempre o motivo da mesma para logo poder acadar unha aprendizaxe formativa para a vida, fomentando así unha autonomía responsable. Por iso, “necesitamos unha investigación que faga ao profesorado máis consciente” (Sarasola, 2006), non unicamente do que ocorra nunha determinada aula, senón que tamén debe estar ao tanto da organización escolar da que é membro e dos cambios que se producen na sociedade e que repercuten na escola.

Ante o proceso de cambio social ou cultural, o sistema educativo debe dar respostas socio educativas aos problemas xurdidos nun determinado contexto, posto que proporcionará axuda ao alumnado para evolucionar na propia sociedade, polo que a educación xa non se entendería como estática debendo ser a escola “un espazo xerador de opinión pública, onde se levarán a cabo debates sobre cuestións sociais (...), sobre temáticas culturais e conflitos sociais de diversos tipos” (Gimeno Lorente, 2009, p. 95).

O feito de que o alumnado poida opinar, provoca que se establezan debates na escola que, de maneira indirecta, obriguen a meditar dunha forma crítica, aceptando e respectando sempre as demais opinións, pero desenvolvendo así unhas actitudes en torno a unhas respostas de distintos problemas sociais, sempre diferenciando “o que é simplemente unha opinión subxectiva (totalmente lícita en determinados niveis de comunicación) dunha xustificación argumentada” (Gimeno Lorente, 2009, p. 131). Defenderase así

un pensamento propio e individual dende unha única base como é a da democracia: liberdade de reflexión, de opinión e de pensamento.

Entendamos que o contexto social no que se desenvolve un colexio co seu proxecto educativo está conformado por un gran conxunto de persoas cuns determinados valores, cunhas certas actitudes así como aptitudes, o que fai que configuren unha cidadanía activa con intereses e valores propios. Tal e como se vén dicindo, a escola está influenciada polo seu contexto e nela pódese dar resposta a situacións e fenómenos, partindo da súa análise e chegando ao establecemento de conclusións.

Un proxecto educativo crítico, debe ter en conta a problematización do contexto social, entendendo por problema á “dificultade que non pode resolverse automaticamente, senón que require unha investigación conceptual ou empírica” (Bunge, 1985, p. 195), polo que a escola, debe “valorar criticamente solucións pasadas, aplicarlas a situacións novas e indagar ademais noutras áreas do coñecemento” (García Córdoba & García Córdoba, 2005). A resolución destas problemáticas dependerá do ritmo e da capacidade do alumnado, facendo así que o traballo en grupo cobre importancia para que, de forma cooperativa, se consiga acadar unha resposta.

A resolución dun problema, implica a acción de pensar. Pensar para dudar, dudar para acertar e reflexionar para pensar, pode que sexa algo que deba ter moi claro un centro educativo dedicado á construción de individuos non illados da sociedade. Porque “pensar acertadamente implica a existencia de suxeitos que pensan mediados polo obxecto ou obxectos nos que incide o propio pensar dos suxeitos” (Freire, 1997, p. 38), e iso é o que debe pretender a escola en todos os seus ámbitos.

“Debe formularse unha educación que habilite ao home para a discusión valente da súa problemática” (Rojas Olaya, 2009, p. 95) a través dun proceso dialóxico, que faga que a persoa someta o seu pensamento a constantes revisións, efectuando distintas análises críticas dos problemas, escoitando e aportando. É de vital importancia o diálogo para o desenvolvemento de actitudes críticas, pois é a través del onde se adquire unha aprendizaxe

significativa a partires do encontro do ser humano co mundo para lelo, identificalo e transformalo (Delgado Granados, 2010, p. 143).

Existen na realidade proxectos educativos que se encadren nestas características? Pódese dicir que atopalos na rede ou nas pescudas bibliográficas non é doado o que indica que a súa existencia, ou cando menos a súa visibilidade, nos ámbitos da divulgación ou investigación educativa é case inexistente. Un dos xustificantes desta ausencia é que ben por descoñecemento ou por incertezas do que facer, media un abismo entre a abundante teoría e a práctica real. Inda que, si se pode contar con algún exemplo significativo como o de Rozada Martínez (2001), que realizou distintas propostas nas que o obxectivo fundamental “non é un diálogo sen consecuencias, nin unha implantación acrítica das mesmas, senón unha dialéctica entre o interese estratéxico de introducir determinados cambios nas aulas e a calidade do diálogo que se chegue a xerar entre os participantes” (p. 42).

Nesta experiencia, o diálogo cobra especial relevancia e é considerado como un mecanismo didáctico fundamental, no que o que se valora é o proceso, mais non un determinado fin. O alumnado é considerado como “cidadáns (pequenos hoxe e mañá adultos) que, sexa cal sexa a súa situación actual, poden mellorar os seus niveis de liberdade desenvolvendo un pensamento, unhas actitudes e un comportamento crítico” (Rozada Martínez, 2001, p. 48). Deste xeito, pódese pór fin ás actitudes de aliñamento, sempre e cando a sociedade colabore na cura das mesmas, promovendo unha mellor política de innovación e favorecendo a formación continua do conxunto do profesorado.

2.2. TEMÁTICA PARA UN PROXECTO PROBLEMATIZADOR: DESPOBOAMENTO E ABANDONO DO RURAL GALEGO

Son distintos os temas problemáticos que afectan á sociedade de hoxe en día, sendo os medios de comunicación os principais difusores dos mesmos, pero, que papel debería xogar a escola en todo isto? Deberanse analizar eses problemas ou terá prioridade o feito de pasalos por alto? A continuación,

analizárase unha desas problemáticas adaptándoa á escola, un “conflicto” facilmente perceptible, de resolución complexa e escasamente reflexionado no ámbito educativo, especialmente naqueles contextos onde se fai realidade.

O despoboamento do rural galego e as paisaxes propias de espazos abandonados é un fenómeno presente, de forma máis ou menos directa no cotiá das xentes de Galicia, xa que amais de apreciarse na experiencia máis inmediata, os medios de comunicación ou o ámbito da política adoitan facerse eco desta realidade. A cuestión, lonxe de ser irrelevante pódese cualificar “co apelativo de crise demográfica” (Hernández Borge, 2013, p. 9); xa que o número de defuncións supera ao de nacementos, provocando unha taxa de crecemento vexetativo negativa. As xeracións máis vellas desaparecen, as máis novas xa non están ou teñen prevista a súa marcha e non hai colectivos dispostos a substituílas, polo que o rural non parece ser un nicho atractivo de traballo.

A tendencia compartida no contexto cultural occidental de descenso da natalidade; a emigración sen retorno de familias ao completo e a decisión de persoas retornadas (na súa maioría de idades avanzadas) de non asentarse no rural, implica a drástica redución da poboación nas últimas décadas. Semella que esta realidade, máis que ofrecer a perspectiva dun futuro, ofrece a certeza dun futuro inexistente en termos sociais e culturais, xa que non haberá comunidades reais asentadas neste entorno. Unha difícil realidade á que a sociedade debe facer fronte.

Pódese comprender e estudar o despoboamento dende diversos ángulos. Dende unha perspectiva social, cabe definilo como un fenómeno que “presenta unhas regularidades ou pautas segundo os grupos sociais implicados, a forma dos seus desprazamentos, os lugares entre os que se moven ou os imperativos marcados polas organizacións familiares” (Martínez López, 1999, p. 166), polo que convén ter en conta este aspecto xa que se a sociedade evoluciona cara unha determinada tendencia, o proxecto educativo dun determinado centro debe ter en conta esta realidade e integrala nos obxectivos e tarefas a realizar no colexio.

Sendo o despoboamento un problema estrutural galego que denota unha situación grave, a súa abordaxe está fóra da axenda política, sen que se faga visible unha vontade real na que se analice a perspectiva de país e o compromiso co futuro (Tabarés, 2014, p. 251). Tendo en conta esta especial circunstancia, así como que as políticas do pasado recente forman parte da crise demográfica actual, a escola debe ser un dos escenarios nos que se atenda ao problema, tentando entendelo e ofrecer respostas, promovendo reflexións e accións nas que o alumnado activo se ocupe de examinalo e adoptar unha conciencia crítica e activa dun problema no que se encontra inmerso.

A análise deste problema dende un centro educativo, debe darse a través dunha implicación colectiva e conxunta, onde a colaboración entre todos os axentes da sociedade estea presente e no que a capacidade do alumnado para resolver conflitos sexa a que marque a tarefa docente. Por iso, a escola deberá proceder a transmitir a realidade que se viva no seu exterior (Santacana Mestre, 2013). Por lóxica, cando se tenta obviar calquera problemática e, polo tanto, se prescinde da necesidade de traballar sobre a súa resolución, aumenta a probabilidade de que se converta nunha situación aínda máis complexa; sendo esta unha das razóns polas que o alumnado debe participar activamente na resolución de problemas.

Como ben se pode apreciar, consiste en presentar na escola o despoboamento do rural galego como algo problemático que precisa da súa atención. E é que Galicia, tanto no interior como en territorios da costa, presenta unha poboación moi “envellecida e incapaz de asegurar a substitución xeracional” (Ferrás Sexto, 2014, p. 107).

Todo isto supón un evidente risco da desaparición dunha sociedade e con ela a súa cultura material e inmaterial reflectida na paisaxe, incluíndo o propio uso da lingua galega que semella acompañar o proceso de abandono do rural. Son, pois, problemas múltiples e diversos que deben formar parte da atención curricular deseñada dende as escolas, non de forma exclusiva, pero si prioritaria. Entendendo que se trata de afrontar unha perda patrimonial á que cómpre facer fronte a través de propostas educativas que atendan á

capacidade de estimular a necesidade de apropiación consciente e crítica do seu entorno por parte das xeracións máis xoves que o habitan.

Tendo presente o anterior, sería necesario atender ás seguintes cuestións:

- A perda drástica de poboación como problema matriz, xa que supón a extinción da “cultura do noso grupo” (Santacana Mestre & Martínez Gil, 2013, p. 50), quedando enterrados os valores, as crenzas, a tradición, as costumes e o territorio dun pobo.
- O anterior problema supón o abandono de vivendas e, con el, o abandono de vivencias que, de non pór solución algunha, co paso do tempo pasarán a formar parte de ruínas e anécdotas, quedando así como unhas meras construcións históricas, posiblemente convertidas en asunto arqueolóxico ao igual que os castros, antecedentes da propia cultura agraria e rural.
- Froito do abandono de parte das terras cultivadas, vaise producindo una transformación da paisaxe, hexemoneizada en moitos casos pola ocupación do espazo dunha vexetación autóctona capaz de rexenerarse. Comeza o bosque a dominar territorios insospeitados para as xeracións de séculos e décadas precedentes. O problema estribará en buscarlle significado, porque de considerarse un territorio sen valor, poderían acometerse actuacións económicas, xa alleas á comunidade, que convertese a estes bosques en proceso de rexeneración e en meras paisaxes de transición, entre o abandono do rural e novas formas de explotación do espazo. Tendo en conta, ademais, a dificultade de “loitar eficazmente contra os incendios mentres se siga producindo o abandono de terras produtivas” (Saco, 2010, p. 26).

Tomando como referencia a experiencia doutros espazos despoboados, cabe barallar a posibilidade da instalación de centros industriais centrados en actividades prexudiciais para o medio ou incluso o establecemento de centrais nucleares ou cemiterios nucleares. O peche de servizos, como os relacionados coa educación, coa sanidade ou o comercio, son os principais problemas que poñen en risco a supervivencia do rural galego.

É necesario que toda esta problemática, xunto coas situacións que poidan derivarse, se leve a cabo na escola, asociándoa a unha forma de educación no patrimonio cultural rural galego. Xa que traballar co mesmo, supón que o alumnado e profesorado posúan unha “carga emocional eficaz” (Santacana Mestre & Martínez Gil, 2013, p. 48). Enténdese así por patrimonio a todo aquilo que unha persoa ou conxunto delas lle dan un importante valor e, como tal, deben protexelo e conservalo. A importancia radica en como adquirir a idea de patrimonio e son as escolas uns dos lugares aptos para conseguila, non como imposición dun legado, senón como libre apropiación en función de intereses cívicos, sustentados nunha conciencia crítica e social do alumnado.

Cómpre tamén dar importancia a esta temática dende unha perspectiva temporal, que sexa capaz de ver e de analizar o pasado, o presente e o que pode que suceda no futuro. Observado dende o punto de vista do pasado, a regresión da poboación galega non é un feito unicamente actual, senón que se produciu un abandono da poboación do territorio xa “nos anos cincuenta e sesenta do século XX, cando a emigración a América rexistraba as últimas ondados e cando irromperon con forza as saídas de persoas cara diversos países do noso continente” (Hernández Borge, 2013, p. 10), mais convén salientar que nos inicios do proceso migratorio, as persoas deixaban o seu lugar de orixe por exceso de poboación, todo o contrario ao que ocorre agora. Inda así, os versos de Rosalía, nos que tamén fica canonizada a paisaxe rural, advirten da carga emocional conque moitos contemporáneos asumiron ese primeiro éxodo, tal e como ben exemplificada queda no seu poema de “*Adiós ríos, adiós fontes*” (de Castro, 1999).

Unha constante no rural galego “é a sobrevaloración da *terra* fronte ó *soma*, da *terra* fronte ao *demos* ou pobo” (Blanco Desar, 2014, p. 19), o que se pode entender como a exasperación ante calquera conflito relacionado por unha ínfima porción de terra en litixio e a tolerancia ante a desaparición da propia comunidade. De aí a existencia dunha importante falta de concienciación na sociedade acerca do que significa o problema do despoboamento do rural galego.

Hoxe en día, o avellentamento no rural está manifestamente acusado, pois, “dende 1996 as persoas de 65 anos en diante representan máis do vinte

por cen da súa poboación” (Hernández Borge, 2013, p. 99), existindo así unha natalidade estancada que provoca que o número de nenos e nenas nesta zona sexa moi escaso. A poboación do rural diminúe a pasos axigantados nun panorama de “vitalidade demográfica urbana e suburbana e de recesión demográfica e avellentamento no medio rural interior e de montaña máis afastado” (Ferrás Sexto, 2014, p. 103), pero que tampouco se detén en moitos territorios da costa.

O abano de posibilidades que se abre de cara o futuro no rural galego é cando menos incerto, pero existen múltiples recursos que poden alentar unha recuperación futura. Recursos agrarios ou gandeiros baseados en produtos de calidade que posúan un valor engadido, recursos de tipo paisaxístico, orientados a un turismo de calidade e non explotado, arqueolóxico – etnográficos, incluso biolóxicos, orientados entre outras posibilidades, a servizos educativos; ou mesmo sendo o rural un espazo residencial nos lugares periurbanos, posto que a calidade de vida e os prezos adoitan seren mellores. Aínda así, a situación presente que está inzada sobre unha mala xestión do pasado inmediato, colocan en risco á sociedade rural galega polo que, en termos xerais, poñen en alerta o futuro colectivo do noso país. Trátase de manter ese fenómeno que conserva unhas determinadas maneiras de ver, de sentir, de crecer e de actuar como é a cultura, esa que “se aprende no contexto dunha herdanza social, que non ten moito que ver coa herdanza xenética” (Santacana Mestre & Prats Cuevas, 2014, p. 9).

Dígase pois, que a organización dun centro educativo deberá depender do seu contexto, posto que este mesmo é porqué polo cal os individuos que forman parte dunha determinada escola están presentes na mesma e non noutra. Facendo referencia á realidade nun proxecto educativo dun colexio, tense moito gañado e só así se conseguirá espertar en todos os membros da comunidade educativa o interese pola nova sociedade, dende unha nova didáctica e educación.

2.3. O INCIO, UN CASO DE DESPOBOAMENTO RURAL GALEGO

O municipio do Incio forma parte do rural galego e é un claro exemplo do despoboamento do rural; e será ese o motivo polo que se tentará desenvolver o proxecto de centro no CEIP Ricardo Gasset deste mesmo Concello. O Incio atópase situado no sur da provincia de Lugo, delimitado polo norte polos concellos de Sarria e Samos, ao sur coa Pobra do Brollón e O Courel e ao este con Bóveda e Paradela.

A tendencia da poboación inciana é a concentrarse en pequena escala na capital do municipio, A Cruz do Incio, se ben está diseminada polo espazo que ocupan as 28 parroquias que conforman o mesmo.

Táboa 1

Relación do número de habitantes por ano no Concello do Incio

Ano	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Habitantes	2185	2113	2087	2016	1956	1875	1822	1797	1777	1740

Nota. Información recuperada do Instituto Nacional de Estatística (2017)

O municipio do Incio, contemplado dende unha visión tradicional dos bens patrimoniais, “encerra un rico patrimonio tanto prehistórico, histórico e monumental” (López Pombo, 2003, p. 20). Pero, dende a perspectiva que se adopta neste traballo, quérese poñer o acento patrimonial non nos bens senón nas persoas, e neste caso o patrimonio é a propia poboación, que merece ser protexida e conservada como elemento que artella unha paisaxe sostible e posuidora dun tecido de bens inmateriais, que pola súa invisibilidade é aínda “moito máis difícil de aprehender, de conservar e de salvagardar” (Santacana Mestre & Prats Cuevas, 2014, p. 9).

A situación demográfica é moi preocupante neste Concello, pois nos últimos vinte anos perdeu case a metade da súa poboación total, isto é, se no ano 1996 había un total de 2722 habitantes, dúas décadas máis adiante, a poboación viuse reducida a 1740 persoas (Instituto Nacional de Estatística, 2017). No ano 2016, “faleceron 49 persoas e so houbo 6 nacementos” (Casanova Vila, 2017).

Segundo establece o IGE (Instituto Galego de Estatística, 2017), sábese que o índice de avellentamento do Concello do Incio é bastante elevado, sendo 698,26 no Concello de O Incio, fronte os datos similares doutros concellos que pertencen á comarca sarriá, como poden ser os 534,9 no Concello de Samos, os 330,28 no Concello de Triacastela. Isto fai que concellos coma O Incio e Samos pertenzan ao grupo dos concellos con maior índice de avellentamento de Galicia.

Este acelerado e radical descenso demográfico, trae consigo o abandono de pequenas e medianas explotacións agrícolas, así como a ruína de moitas vivendas e incluso a existencia de aldeas deshabitadas; en definitiva, unha paisaxe caracterizada polo abandono, que semella apropiarse dun espazo no que subsiste como dominante a actividade agraria e gandeira, convivindo cunha modesta industria artesá ou madeireira e un sector terciario ameazado.

O CEIP Ricardo Gasset é a síntese demográfica do municipio, pois conta con só vinte nenos e nenas no curso académico 2016/2017, distribuídos en cursos de Educación Infantil e Primaria, sometidos á realidade na que poboación infantil é máis escasa que a fauna salvaxe. Así, hai niveis educativos inexistentes, como acontece na actualidade co segundo curso da educación primaria. Unha situación xa frecuente no rural galego , que neste caso se concreta en dúas únicas unidades, aínda que na práctica diaria a docencia transcorre en tres clases.

Tendo en conta todo o exposto, o obxectivo principal deste traballo é deseñar un proxecto crítico de centro, adaptado ao colexio público do Incio, pero susceptible de ser aplicado noutros espazos educativos de características semellantes. A fin é que se traballe un problema de grande relevancia dende unha perspectiva que integre a educación para a transformación social, educación patrimonial e adquisición de competencias sociais, históricas e xeográficas, estimulando sempre a conciencia cívica do alumnado, profesorado, das familias e da comunidade.

3. METODOLOXÍA

3.1. CONTEXTO

O proxecto está deseñado para o CEIP Ricardo Gasset do Incio, adaptado ás dúas unidades que integran no curso 2016/2017 a vinte alumnas e alumnos. O seu equipo directivo fórmao unha persoa que, segundo o Decreto 374/1996, é a encargada de asumir todas as funcións encomendadas aos órganos de goberno unipersoais. Foi elixida por ser a máis antiga no centro educativo, exercendo ese cargo dende setembro do 2016.

O colexio conta con servizos de comedor e transporte escolar, e réxese por unha xornada partida. Ten un reducido número de docentes e funciona unha Asociación de Nais e Pais. Estrutúrase en aulas multigrado; nas que se lle da preferencia á preparación para xerar autonomía, iniciativa, creatividade e competencia fronte a formulacións memorísticas, repetitivas e estandarizadas (Ferrière, 1982). En definitiva, unha metodoloxía participativa, que supón traballar con aprendizaxes e competencias de calidade (Bustos Jiménez, 2014, p. 125).

3.2. COÑECER A PERCEPCIÓN DA COMUNIDADE: ENQUISAS

Como instrumento para coñecer a visión e grao de concienciación sobre a pertinencia da inclusión do problema do despoboamento do rural galego nas aulas, empregáronse dous cuestionarios, que se dividen nun único bloque de nove preguntas. Un centrado nas familias e outro no profesorado. Son distintos, pero as preguntas efectuadas responden ao mesmo esquema: unha cuestión con resposta aberta e oito de elección única así como de escala. Na pregunta de resposta aberta, atribúese un espazo no que os enquisados poderán expor aspectos que consideren relevantes ou que cren que quedasen sen preguntar na realización do cuestionario.

O xeito de proceder para a adquisición dos datos representados nos cuestionarios foi o seguinte: contactouse vía telefónica co centro educativo do Concello do Incio e exposto o interese do traballo, o motivo da escolla do colexio local e como se trataría a información obtida. Visitouse o centro educativo para deixar ambos cuestionarios, acordando que a súa recollida

sería no prazo dunha semana. Este proceso foi efectuado entre a primeira e segunda semana de marzo.

É importante e imprescindible salientar que das 14 familias coas que se contactou, obtívose a resposta de 10. Así como a da totalidade do profesorado ao que se pediu colaboración (4). Esta alta participación estivo motivada polo coñecemento persoal de quen aborda este traballo e pola “cultura” de participación que hai establecida nese centro.

3.3. ELABORACIÓN DUN DESEÑO INICIAL DE PROXECTO

“Organizar o currículo das Ciencias Sociais en torno aos problemas sociais relevantes (...), pode ser unha metodoloxía de interese para capacitar aos alumnos na comprensión holista das situacións sociais” (Gimeno Lorente, 2009, p. 112). De aí que debe ser contemplado como tarefa urxente o deseño de proxectos para o conxunto do centro escolar, abranguendo todas as etapas educativas da educación primaria. Neste caso, abordando unha problemática na que está inmersa o conxunto da comunidade.

Dado que “a institución procrea a súa propia dinámica, o seu propio ritmo e as súas propias necesidades e intereses” (San Fabián Maroto, 2011, p. 48), esta proposta, dende a dirección do centro educativo, deberá ser en todo momento facilitadora dunha aprendizaxe integral de todo o alumnado, perseguindo cambiar determinados aspectos para lograr que a comunidade educativa afonde sobre o problema do despoboamento do rural. Integraranse aos vinte alumnos do centro educativo presente no Concello do Incio, ao conxunto do profesorado dese colexio así como, en determinadas ocasións, ás familias e persoas achegadas a este centro educativo.

O proxecto inicial (ver Anexo I), consta de sete sesións en cada aula, as cales seguirán unha mesma guía en todos os cursos, aínda que as actividades cambien:

- Unha primeira sesión na que se pretende descubrir o despoboamento do rural galego.
- Unha segunda sesión na que se aborda o coñecemento do problema dándolle significado e sentido.

- A terceira sesión tratará de dar resposta ao problema.
- Durante a cuarta sesión executarase unha saída ao entorno local, para coñecer así a realidade de primeira man e valorar o contexto propio.
- Unha quinta sesión destinada á realización de reflexións a modo de conclusións acerca do problema.
- A sexta sesión estará destinada á preparación do *Día Tradicional do Incio*, no que se revisará todo o coñecido con anterioridade, así como o que pode ser considerado patrimonio material e inmaterial.
- E unha sétima sesión na que se levará a cabo ese *Día Tradicional do Incio*.

Búscase que o alumnado aprenda, principalmente, de xeito cooperativo, partindo da súa propia experiencia. Entenderase pois que, coa realización desta proposta, “a aprendizaxe non sexa un estado do suxeito, senón un proceso en construción” (Rodríguez Espino, 2015).

Todas as actividades que na proposta se desenvolven, levaranse a cabo no interior do espazo do centro educativo, aga unha que consistirá na execución dunha saída na que o alumnado terá contacto co contexto social máis próximo a eles, facendo visibles aspectos da realidade que están ocultos ou invisibles. Todo isto cun carácter transversal, é dicir, aínda que a área central desta proposta sexan as Ciencias Sociais, paralelamente traballarase coa Lingua Galega, coa Educación Física, Educación Artística, as Ciencias Naturais e as Novas Tecnoloxías; de tal forma que se fomente a “capacidade de resolver os problemas de forma evolutiva” (Young, 1993, p. 16), e sempre tendo en conta a pluralidade de ideas que son consecuencia da reflexión individual e colectiva.

Acéptase a idea de que con esta proposta crítica, preténdese unha educación inclusiva, significando isto que se realicen actividades non específicas para aquelas persoas que poidan ter dificultades por ser obxecto dalgún tipo de exclusión social, senón que serán propostas pensadas, dende un primeiro momento, para que todo o alumnado as poida levar a cabo, independentemente da súa condición (Santacana Mestre & Prats Cuevas, 2014, p. 12).

Coa elaboración dunha determinada proposta ou proxecto didáctico, sempre se sabe o que se quere con eles, a onde se pretende chegar, mais son raras as veces que se reflexiona acerca do que non se quere, do que se prefire prescindir. Neste caso, tívose en conta que o que non se pretende é a exclusión cultural. Esta é asidua nas aulas, manifestándose en diversos graos, nos que se comeza pola mostra dun desinterese pola cultura minoritaria ou neste caso polas manifestacións culturais propias, por un desprezo cara a elas, por considerar ao grupo minoritario ou marxinal como moi inferior, irritándoo; e por existir unha tentación de prohibir a ese grupo se non hai asimilación (Santacana Mestre & Prats Cuevas, 2014, p. 12). Emporiso, co deseño inicial, tense como obxectivo lograr unha concienciación crítica no alumnado acerca dun grave problema no rural galego como é o despoboamento, sendo este o contexto de perda da súa propia identidade cultural.

A continuación, pásase a expor o que se pretende en todas as sesións deseñadas para levar a cabo no colexio do Incio, de tal maneira que sexa clara a intencionalidade das mesmas para formar a individuos cunha conciencia crítica do seu entorno. Saberemos que para levar a cabo esta proposta, o alumnado posúe ideas de “carácter social”, “pola súa xénese e desenvolvemento no medio social en xeral como, máis concretamente, pola súa maneira de construírse no contexto escolar” (García Pérez, 2001, p. 133). Partiranse de analizar as finalidades das sesións de cada unha das aulas multigrado de Educación Primaria; primeiro, analizaranse as tres primeiras sesións da proposta de cada clase de maneira individual, quedando as catro últimas sesións de cada clase para valorar conxuntamente.

A complexidade das actividades a realizar ao longo deste proxecto dependerá dos cursos nos que se estea a traballar, tendo claro sempre unha fin común a todo o proxecto que é o que se mencionou con anterioridade na fixación dos obxectivos.

A proposta para os dous primeiros cursos da primeira etapa educativa obrigatoria, partirá da motivación e de espertar curiosidade no alumnado, xa que “aprender motivado por unha curiosidade natural é absorber e permite desenvolver a concentración” (Thorne, 2008, p. 42). Crearase a *Canteira da Sabedoría*, que fará que a curiosidade estea sempre presente en todas as

sesións á par que a estimulación por querer saber e pretender aprender. Durante a primeira sesión, os escolares tratarán de descubrir a realidade e de coñecer o fenómeno do despoboamento, exteriorizando as súas ideas e opinando para que, xa en idades temperás, se inicien nun método crítico, mediante o cal, ao rematar esta fase inicial do proxecto, poidan comparar as súas reflexións finais coas súas representacións sociais iniciais avaliando o seu propio proceso de aprendizaxe e de adquisición de competencias sociais.

Presentaráselles a idea de despoboamento, establecendo similitudes cun obxecto da súa vida cotiá como é a caixa de pinturas; observarán como o seu número decrece e as carencias que isto carrega, trasladando isto á cuestión social relevante que se pretende tratar. Tamén se introducirá a comparación en canto ao cambio no número de membros das familias. Trátase de que valoren este tema como unha cuestión preocupante que merece ser analizada, pois aféctalles moi directamente.

Durante a segunda e terceira sesión, os nenos e nenas, coa guía do profesorado, procurarán problematizar o despoboamento así como dar respostas coherentes ao mesmo. Os problemas observaranos a través do xogo, pois convén considerar que este é un medio bo para que o alumnado desenvolva a súa aprendizaxe a gusto e de maneira autónoma á vez que cooperativa. Levaranse a cabo dous xogos nos que a reflexión estea presente ca fin de conseguir que o alumnado constrúa ideas a partires da súa experiencia. Para dar resposta ao despoboamento, crearase un debate na aula que provoque a valoración do entorno por parte dos escolares, prestando especial atención a lugares que, por distintas circunstancias poderían non terse en consideración.

En terceiro e cuarto, o elemento motivador será a *Estación de Coñecementos*, fomentando así a mellora da aprendizaxe no alumnado a partires da intriga do quefacer diario. En canto á primeira sesión, repítese o esquema da proposta para os primeiros cursos: descubrir e coñecer o despoboamento. As actividades serán distintas, pois partirase dunha canción coñecida pola totalidade do grupo, así como da exposición das súas representacións sociais que poderían comparar ao finalizar o proceso. O entorno social do centro educativo e a súa análise entra a formar parte da

aprendizaxe do alumnado. Buscarase que sexa o problema social do despoboamento “o obxecto de ensinanza e non o coñecemento tal como vén legado polas tradicións disciplinares” (García Pérez, 2001, p. 135).

Para que o alumnado coñeza os problemas que pode xerar o despoboamento do rural, desenvolverase unha segunda sesión. Levarase a cabo no patio do colexio, ca fin de propiciar o cambio de hábitos e de motivar mediante a innovación e a ruptura das rutinas escolares máis tradicionais. Efectuaranse dous xogos nos que a cooperación e o respecto entre o alumnado sexan unhas das fins máis importantes; nun deles, apórtanselles coñecementos a modo de curiosidades xa que con estas se consegue moitas veces espertar a chama que estaba durmida nos escolares. A sesión rematará cunha reflexión conxunta, na que se poidan reformular algunhas ideas así como pensar criticamente nas causas e consecuencias do fenómeno do despoboamento. Nesta mesma liña, irá a terceira sesión, destinada a repensar os posibles aspectos positivos do medio no que viven, pois cando algo se valora, incentívase a adopción de actitudes contra a súa desaparición.

Na aula de quinto e sexto, o fío condutor de todas as sesións é a *Oficina Problemática*, sendo esta o elemento que suscite nos escolares o querer continuar aprendendo e apreendendo. Durante a primeira sesión, o alumnado coñecerá a realidade a partires de presentarlle un conxunto de fotografías de lugares próximos, mediante os cales poderán establecer comparacións con diferentes realidades, fomentándose o debate sobre aspectos da realidade na que viven.

A segunda sesión estará centrada no coñecemento da problemática do despoboamento rural; un dos obxectivos da mesma é a busca de información, considerando esta actividade como algo imprescindible para saber diferenciar, valorar e decidir. Una tarefa investigadora na que “cada investigador realizará as etapas do proceso conforme ao seu ritmo, dedicación e capacidade” (García Córdoba & García Córdoba, 2005, p. 40), prestando sempre atención ao proceso en grupo. Na terceira sesión, preténdese que o alumnado valore o que ten no entorno evitando esquecementos propios do descoñecemento e poñéndoo en relación co problema do despoboamento .

A cuarta sesión será compartida por todos os grupos. Realizarase unha saída, para que o alumnado estea “en contacto con experiencias auténticas ás que quizais respondan dunha maneira creativa que pode asemade ampliar destrezas específicas e promover o seu desenvolvemento persoal” (Wass, 1992, p. 14). Farase polo Concello, que é unha oportunidade para contextualizar o despoboamento do rural, tratando temas xa vistos nalgunha sesión. Este vínculo co seu entorno próximo poderá favorecer unha concienciación crítica de cara ao medio e mellorar as actitudes respecto del. O feito de visitar lugares coñecidos, pero dende novas perspectivas, poderá promover un maior interese e aprecio destes.

A quinta sesión será diferente en cada aula, pero haberá un denominador común: a reflexión acerca de todo o que interiorizaron ao longo das sesións precedentes. A finalidade é que logren posuír unha capacidade crítica que lles permita xerar opinións; farano a través da implicación de soportes dixitais co obxectivo de seren compartidas con diversas institucións locais, como pode ser co Concello, ou mesmo autonómicas; así, preténdese lograr unha concienciación e difusión do problema do despoboamento do rural galego, empregando o caso do Incio.

Durante as sextas e sétima sesións, preténdese conseguir no alumnado unha maior e mellor valoración do seu Concello, a través de traballar cos distintos aspectos tradicionais que caracterizan a zona, cooperando e dialogando sempre. A sexta sesión será feita en cada unha das aulas correspondentes e a sétima será levada a cabo fóra da aula e común a todo o alumnado. Establecerase nela o *Día Tradicional do Incio*, abrindo as portas do colexio para que a cidadanía poida acceder a el. Un acto no que se fomenta a integración da comunidade en torno a un problema que padecen, enmarcado na valoración da súa propia identidade cultural nun contexto de difusión e actualización.

3.4. DISCUSIÓN DO PROXECTO INICIAL

Pártese da consideración de que un proxecto desta índole debe ser analizado dende distintas perspectivas ou, cando menos, debatido e valorado por profesionais – expertos. Neste caso, o deseño inicial será sometido á

valoración e debatido coa actual responsable do centro no se pretendería aplicar, a cal leva un ano desempeñando o cargo no CEIP do Incio, e da profesora que a precedeu no cargo, exercéndoo durante cinco anos.

Dúas profesionais con experiencia na dirección que someterán a crítica o proxecto deseñado. O autor debaterá con cada unha delas a totalidade das propostas que integran o traballo. Para que non poidan existir influencias ou contaminacións entre as opinións das expertas, o debate farase de forma individualizada. Este proceso dará lugar a un novo e definitivo deseño do proxecto, contando este cunha sólida base para a súa posta en práctica, sendo o resultado final deste Traballo de Fin de Grao.

4. DATOS RELEVANTES: A PERCEPCIÓN DO PROBLEMA E A DISCUSIÓN DO PROXECTO

Nun primeiro apartado, abórdase a análise das enquisas respondidas polas familias e profesorado, que permitiron darlle un fundamento social ao interese de abordar o tema do despoboamento rural nun contexto educativo real e concreto. Proxecto sometido á crítica de expertas mediante un proceso que se aborda nun segundo apartado deste epígrafe.

4.1. AS ENQUISAS Á COMUNIDADE: PROBLEMA SOCIAL E ASUNTO EDUCATIVO

O primeiro dato relevante que cómpre destacar é a concordancia en termos xerais entre as respostas das familias do alumnado do CEIP do Incio e a do seu profesorado en exercicio.

Oito das dez familias participantes aceptan que o despoboamento do rural galego supón un grave problema. A discrepancia é maior cando sinalan as principais causas deste problema: catro aluden á “mala xestión política”; dúas á “emigración das últimas décadas”; outras dúas a “causas históricas”. Existe unanimidade ao sinalar como causa menos relevante “un ensino de peor calidade”. Neste aspecto, amais de constatar que non se responsabiliza á educación deste problema (cousa que adoita suceder cando determinados problemas sociais son analizados nos medios de comunicación) é importante destacar que maioritaria e acertadamente asumen a cuestión como un problema recente e non enraizado na historia migratoria galega.

As dez familias, coinciden en que sería oportuno tratar o tema no contexto dos colexios rurais de Galicia, elixindo como prioritaria a opción de que “será unha boa maneira para que coñezan, valoren e protexan o seu entorno e as súas condicións de vida”, por riba de propostas como a de que inda parecéndolles oportuno tratar esa temática, sería “máis importante que aprendesen contidos dos libros de texto”. O que non deixa de indicar unha importante identificación coa contorna propia e a súa inclusión como tal nos contidos escolares, incluso para as dúas familias que non consideran o despoboamento do rural como un grave problema.

Elección que concorda conque á totalidade lles parece unha “boa temática para que pensen e reflexionen, ca fin de que sexan críticos”. O mesmo sucede ao optar pola total pertinencia da execución dun proxecto educativo global para todo o centro que comprendese actividades vencelladas a mellorar o sentido crítico do alumnado traballando a problemática do despoboamento. Sendo igualmente unánimes en que lles “parecería unha opción correcta” que o alumnado realizase entrevistas ás familias e saídas a lugares hoxe deshabitados do Concello para un mellor coñecemento do problema.

Cando se pregunta pola súa vontade a participar no proxecto, nove estarían dispostas a facelo, pero de distinto xeito: cinco quedando á “disposición do que queiran facer as mestras e mestres” e catro prefiren “axudar dende o inicio a deseñar as actividades a realizar”. Isto amosa unha elevada cultura de participación dos pais e nais neste centro educativo.

Por outra banda, as familias teñen unha visión pesimista na percepción do futuro do seu Concello. Ninguén sinalou a opción do optimismo, e dentro das eleccións que amosan preocupación, seis identificáronse con respostas como “de seguirmos así, será un Concello pantasma” e que “fillos e fillas terán que irse para outros lugares, por cuestións económicas e/ou sociais”.

No caso da cuestión de resposta aberta, na que podían aportar algo que considerasen relevante en relación ao tema, só foi contestada pola metade, pero sendo as contestacións moi elocuentes: dúas aluden a que os seus fillos e fillas “teñan os mesmos dereitos cos nenos de cidade”, incluíndo o ensino

formal e non formal; unha expón o argumento de “facer ver á xente as vantaxes no medio no que viven”; outras dúas respostas aluden a que “se non hai nenos, non hai a quen ensinar e polo tanto non hai futuro posible” e unha reivindicación curiosa no contexto galego falante no que se produce o tratamento do despoboamento do rural, aludindo a que este mesmo debe ser tratado tamén en castelán, xa que “somos un país / Estado bilingüe”.

No que atinxe ás enquisas efectuadas ao profesorado, son máis as concordancias que as discrepancias e, estas, teñen relación coa metodoloxía que empregan como docentes.

Ante a pregunta de se ven o despoboamento do rural como un dos principais problemas deste medio, todos sinalan que si, estando dous “totalmente de acordo” e dous “bastante de acordo”. Mostran unanimidade en cinco das nove preguntas realizadas, como é o caso de que o tratamento desta problemática sexa unha boa maneira de que o alumnado coñeza, valore e protexa o seu entorno, así como para que pense e reflexione sobre el, co obxectivo de que sexa crítico.

Todos consideran tamén que, de tratarse a temática do despoboamento, sería o máis idóneo levala a cabo “a través dun proxecto, que implique o coñecemento do entorno, colaborando cos compañeiros e compañeiras para facer un proxecto común a todo o colexio”, parecéndolles unha “opción correcta” que o alumnado faga entrevistas ás familias e a organización de saídas a lugares abandonados noutro con moita actividade.

Na mesma liña que as familias, a metade sinalan que é a “mala xestión política” o principal motivo do despoboamento e a outra que é a “emigración das últimas décadas”. Coincidindo en que “un ensino de peor calidade” é a causa de menor importancia.

A maior disparidade nas respostas do equipo docente aflora cando se pide que ordenen os recursos que empregarían para desenvolver nas aulas esta problemática. Eliminada a elección dun mestre por semellar non haber entendido a cuestión, as restantes son nun caso “o emprego de textos, vídeos e imaxes que aludan a esa temática”, noutro a utilización do entorno e noutro

“os proxectos de aula”. Unanimidade, secasí, ao tomar como opción menos recomendable o emprego dos libros de texto.

En canto á pregunta aberta, só dous a responden. Nun caso para indicar que se deberían “facer políticas apropiadas e comprometidas” para reter á poboación no medio rural e, noutro, que a posible solución sería “fomentar un estilo de vida no que persoas de fóra estivesen interesadas en acudir ás zonas rurais”.

Tanto docentes como familias sinalaron a súa satisfacción ao seren consultados sobre este tema, “xa que o despoboamento do rural aféctanos a todos, e que mellor maneira que aportar información a futuros docentes”.

Os datos analizados amosan que unha parte moi representativa do contexto educativo do colexio da localidade do Incio, se sinte afectada polo proceso de despoboamento do rural galego e é quen de meditar sobre unha cuestión que consideran problema social relevante, propiciado polas dinámicas máis recentes da sociedade galega. Lonxe de pensar que o tema debe quedar relegado a outros contextos, defenden a súa integración no ámbito da educación. Concretamente na educación primaria mediante propostas dende e para á contorna coas que se poida facer desta problemática unha reflexión educativa. O que indica que a elaboración dun proxecto acaído para esta realidade con demandada socialmente é non só unha necesidade, senón un compromiso ético, cívico e político para mestres que aborden con responsabilidade o proceso de ensino–aprendizaxe.

4.2. O PROXECTO DE CENTRO: DISCUSIÓN DO DESEÑO INICIAL

Partindo da idea de que a constatación dun problema relevante non leva aparellada a necesaria atención por parte da administración ou dos centros escolares, e de que “os educadores críticos traballan para revelar as condicións materiais e sociais da produción e recepción escolar” (McLaren, 1997, p. 49), non só se aborda un deseño dun proxecto que intente dende a escola rural meditar e dar resposta ao problemas do rural, senón que, para que teña posibilidades de ser eficaz, se someta á crítica e discusión. Neste caso,

mediante un debate entre o seu autor (mestre en formación) e dúas mestras en exercicio con experiencia na dirección do centro ao que se orienta o proxecto.

Nas vindeiras liñas expóranse os resultados do debate, amosando os puntos de consenso e desconformidade entre as expertas e o deseñador do proxecto. Tarefa fundamental para que dea como resultado un proxecto con pretensión de coherencia. Un aspecto relevante, digno de comentario é que, a pesar de que a discusión coas expertas foi individualizada e hoxe estean en centros diferentes, houbo unha case total sintonía no sentido das súas apreciacións respecto aos aspectos a corrixir. Posiblemente, froito dunha estreita e dilatada cooperación como docentes no Incio.

- 1) Coincidencia en cualificar o proxecto como unha opción “distinta” que se debe ter en conta en moitos colexios, particularmente onde o problema traza un futuro pouco esperanzador. Manifestando a experta 1 que “un mestre debe traballar no que cree”, e que sería un bo proxecto para un colexio como o do Incio.
- 2) Existe total concordancia ao aceptar a posibilidade de que a duración da totalidade das sesións sexa demasiado reducida, aceptándose o feito de que “dentro da duración dunha sesión, atópase o tempo que se perde en comezala e rematala”.
- 3) Acordo na necesidade de utilizar materiais didácticos máis diversos, prescindindo de “empregar na meirande parte dos casos carteis”. Reflexión sobre alternativas posibles que poidan provocar a “constante motivación dos nenos e nenas” (Experta 2).
- 4) Concordancia en cualificar os nomes das actividades como “moi rebuscados e que, a pesares de ser creativos, os nenos e nenas pode que non os comprendan” (Experta 1). Sen negarlles a razón, aceptouse o cambio de moitos deles.
- 5) Aceptación tamén da posible relación coa área das Matemáticas, sempre e cando “se traballe con gráficos, como é nos casos nos que se busca información acerca da poboación” (Experta 2). O que obrigará a integrar algunha actividade nesta liña, dando pé a un deseño máis inclusivo coas áreas.

- 6) Ao non ser mencionada a cuestión, o autor alentou un debate en torno á pertinencia das características da saída educativa proposta, manifestando as dúas expertas que, inda que alongarían a súa duración, estaban totalmente consonte con ela, xa que ademais de que “son necesarias este tipo de saídas para que as nenas e nenos coñezan o mundo máis preto que os rodean”, neste caso están moi ben pensadas. A experta 2 salientou tamén, de forma proveitosa para o autor, que no momento do descanso se prescindise de acudir a un bar, e parar nunha carballeira próxima ao mesmo, na cal se podería reflexionar acerca do visto.

En canto aos principais desacordos debatidos entre autor e expertas, a experta 1 salientou que o proxecto carecía dun toque de optimismo e que introduciría diversos aspectos relativos á animación do rural. O autor alegou que non se trataba dun proxecto en liña pesimista, pero si que pretende amosar unha realidade descarnada que permite predicir un futuro escasamente optimista. Considerando ese argumento necesario para abordar distintas actividades que motiven ao alumnado, mediante a razón e a emoción, propondo alternativas que melloren o presente e o futuro do rural. A experta 1 expresou conformidade, indicando que abordaría actividades onde se interrogase máis directamente sobre “que hai que facer para que o despoboamento non ocorra?”.

Unha clara discrepancia coa experta 2 tivo lugar ao recomendar que en vez de pedir ao alumnado un debuxo sobre a súa percepción da contorna dentro de cincuenta anos, sería mellor facelo sobre como é agora e de como foi cincuenta anos atrás. Non semellando ao autor unha boa decisión, xa que o que se pretende dende unha perspectiva crítica é que os escolares, proxectando o futuro, poidan tomar maior conciencia sobre as urxencias e alternativas do presente. Especialmente se esa visión do futuro dista de ser optimista ou é irreflexivamente optimista, idea que a experta considera razoable e necesaria para o proxecto.

Outro punto de disentiemento coa experta 2, radicou na denominación da xornada de portas abertas. Para ela, no canto de *DTI*, sería máis axeitado cualificala como *Tradincio*. No entanto, argumentóuselle que *DTI* é un acrónimo

se cabe máis técnico, pero, ao ser máis pegadizo e doado de recordar, podería dar máis xogo á hora de explicar e difundir a iniciativa dunha xornada aberta na cal o colexio que perde alumnado acolla á comunidade de referencia.

Como cabería esperar, ambas expertas coincidiron en que sería difícil que todo o colectivo de docentes aceptasen integrarse nun proxecto destas características, vendo difícil, cando menos, a súa total implantación. Sen negar esta evidencia, pero coñecedor dos resultados das enquisas executadas, o autor defendeu a necesidade de que o equipo directivo deba transmitir, mediante datos cribles – neste caso poderían ser, entre outros, o interese das familias no tema – ao conxunto do profesorado a relevancia desta temática, fomentando un necesario espírito crítico que en demasiadas ocasións atópase sepultado nas rutinas escolares. O feito de que, forzosamente, o profesorado dun colexio rural, teña que ser escaso en número podería beneficiar as posibilidades de consenso, cando non o feito de que ese profesorado podería ser vítima dun proceso de despoboamento que semella imparabile. Evidentemente, este último debate non pode alterar o deseño do proxecto definitivo que a continuación se presenta, froito do debate e do consenso.

5. RESULTADO FINAL

A continuación, procederanse a describir as distintas sesións do proxecto elaborado para o CEIP Ricardo Gasset do Incio unha vez debatido coas dúas mestras responsables de centro e chegados a un consenso. Este resultado final está destinado para todos os cursos, aínda que con distinta organización de actividades dependendo do nivel. As sesións IV e VII de cada proposta, irán descritas ao final deste apartado ao ser comúns a todos os cursos.

5.1. PROPOSTA PARA A CLASE DE 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O conxunto de sesións que transcorrerán en torno á temática central deste traballo, como é o despoboamento do rural galego, terán a súa orixe na *Canteira da Sabedoría*, isto é, dentro da aula haberá un recuncho onde se vaian coleccionando distintas pedras que irán atopando os nenos e nenas polo

colexio cada día que se realice unha sesión desta proposta. Encontrarán unha soa pedra colocada polo mestre nun lugar do centro educativo antes de comezar a sesión. Nesa pedra irá un adhesivo co nome da devandita clase e só terá a misión de motivar aos discentes. Irá colocado no recuncho da clase dedicado para tal fin.

5.1.1. Sesión 1. Descubrir a realidade e coñecer o despoboamento: Descubrindo e coñecendo

Unha vez que chega á *Canteira da Sabedoría* a pedra que leva por título o nome desta sesión, iniciaremos a clase no que o traballo do gran grupo sexa común. Partiremos de exporlle ao alumnado tres fotografías: unha dunha casa en ruínas que haxa no entorno do colexio, outra dun colexio abandonado que haxa no seu municipio e que todos coñezan e a outra dun castro celta soterrado, que tamén hai varios na zona. Serán os discentes os que opinen acerca do que están a ver e os que establezan os seus razoamentos iniciais do porqué iso está así. O mestre ou mestra servirá de guía para os mesmos.

Logo, pedirase que cada discente realice un debuxo libre no que retraten como ven o pobo do Incio ou a aldea na que viven dentro duns cincuenta anos, coñecendo así as ideas previas das nenas e nenos e observando se algún reflicte nas súas creacións a pegada do despoboamento, inda que será difícil que o fagan.

Posteriormente, a mestra ou mestre collerá a caixa de pinturas que haberá na aula e servirlle así para explicar o despoboamento do rural galego, entendendo a caixa como un determinado municipio, podendo ser o do Incio, e as pinturas como os cidadáns que nel habitan; pouco a pouco irá sacando esas cores e os discentes verán así a situación de abandono que está acontecendo actualmente. Verán tamén que o feito de quitar as cores da caixa eilas eliminando, quedaranse sen recursos para logo colorear, sendo un símil da redución de recursos que padece o rural galego. A partires disto, poderanse facilitar diversas gráficas ou mesmo facelas, para que vexan mellor os efectos do despoboamento. En todo momento o docente permitirá que os discentes falen expondo así as súas reflexións e dúbidas.

Como actividade final para rematar esta sesión, amosarase un anaco de papel continuo pegado á parede que levará por título *Os nosos maiores* e no que cada neno ou nena irá poñendo o número de irmáns que tiveron os seus dous avós e as súas dúas avoas e decontado, tamén sinalarán o número de irmáns que eles mesmos teñen; así verán dun xeito claro e veraz o decrecemento importante da poboación. De non saber o número de irmáns dos seus avós, empregarase o teléfono para consultalo.

- Transversalidade: coas áreas de Educación Artística (Plástica), con Lingua Galega (macrohabilidades escoita e fala) e con Matemáticas.
- Duración: 60 minutos.

5.1.2. Sesión II. *Problematización: Xogamos e aprendemos*

Atopada e chegada a pedra correspondente á aula, partírase de analizar se o despoboamento do rural é un problema, e para iso, realizaranse dous xogos no patio do colexio e unha exposición. O primeiro deles levará por título *Xogamos cos debuxos* e consistirá en relacionar diversos debuxos coas súas correspondentes palabras; esas representacións serán seis problemas: un debuxo dun incendio, un pobo no que non se vexan persoas, outro onde haxa plantacións de eucaliptos e ao lado unha industria contaminando, outro onde apareza xente bailando ou gardando o gando cunha cruz vermella por riba, un no que se vexan casas en ruínas e outro onde aparezan tachados un centro de saúde, un colexio e tendas (falta de servizos). Estes debuxos poderanos facer ou pintar previamente e serán efectuados en folios DIN A3 e plastificados. Conectaranos con cadanseu título ou palabra no recreo por parellas, de tal maneira que cada unha teña un problema.

O segundo xogo será titulado *A mariola despobada*; será como o seu propio nome indica unha mariola, pero en lugar de ter números terá en cadanseu lugar os debuxos cos que anteriormente se traballou (de aí que sexan plastificados, para ser pisados). De un en un, e todos atendendo ao xogo, lanzarase un dado e a nena ou neno terá que avanzar na mariola tantas posicións como o indique o dado lanzado. Terá que dicir o porqué o debuxo que está pisando é un posible problema orixinado no despoboamento. Así o irán facendo individualmente, pero coa axuda das compañeiras e compañeiros

así coma do docente. De quedar algún debuxo sen analizar, farase conxuntamente. Se eles queren, poderase facer dúas veces, e será conveniente xa que de segunda vez poden saír conceptos e reflexións que na primeira non saíron.

Como remate da sesión, limparanse eses debuxos e serán os nenos e nenas os que os peguen nas paredes do colexio con cadanseu nome. No lugar que eles queiran e máis significativo para eles, ca fin de expolos aos seus compañeiros e compañeiras do colexio xunto a todas esas persoas que o visiten. Serviralles de repaso esta pequena actividade á vez que de reflexión autónoma e tamén colectiva.

- Transversalidade: coas áreas de Educación Artística (Plástica, se se quere), con Educación Física e con Lingua Galega (macrohabilidades de lectura, escoita e fala).
- Duración: 40 minutos (sen contar a posible realización dos debuxos).

5.1.3. Sesión III. Responder ao problema: Aprendemos respondendo

Xa coa nova pedra na *Canteira da Sabedoría*, esta sesión levarase a cabo arredor dunha mesa, para establecer así un debate entre todos os nenos e nenas da clase, coordinado e guiado sempre polo mestre, pero de tal forma que contén sempre coa liberdade que se lles debe proporcionar en todo momento.

Ao longo desta clase, o mestre formulará dúas cuestións que leven ao debate entre os discentes: a primeira será unha pregunta do tipo de: “Queredes o lugar no que vivides?” e a segunda será parecida a esta: “A que lugar do municipio levaríades a un amigo que non sexa do teu Concello? Por que?”. Sempre será de forma individual e organizada, onde todos os nenos e nenas teñan momento para expor o que pensan e para escoitar aos demais. Para que o debate non se divague, o mestre ou mestra irá introducindo novos conceptos que supoñan o trato do despoboamento rural galego.

Para rematar a sesión, pediráselles que fagan un debuxo do lugar do municipio ao que levarían aos amigos e amigas, tendo en conta sempre o debate que acaban de ter e sobre o cal poden chegar a valorar espazos aos

que antes non lles daban importancia. Eses debuxos servirán para adornar a *Canteira da Sabedoría*, facendo así que de xeito indirecto e, cando os vexan os discentes, os fagan pensar.

- Transversalidade: coas áreas de Educación Artística (Plástica) e con Lingua Galega (macrohabilidades de escoita e fala).
- Duración: 40 minutos.

5.1.4. Sesión V. Conclusión: Repasamos o despoboamento

Esta sesión será a síntese a todo o anterior, e por iso a pedra será chamada *Repasamos o despoboamento*. Consistirá na gravación por parte do docente dun vídeo a todos os discentes nos que realicen as súas propias críticas persoais acerca do despoboamento do rural galego así como tamén expliquen as vantaxes que ten para eles (e unha vez traballadas as sesións anteriores) vivir no rural, neste caso, no municipio do Incio.

Esta proxección audiovisual será realizada no patio do colexio, ao contar cunha boa riqueza natural que se pode relacionar facilmente co tema que se está a tratar. Amais, na montaxe do vídeo, o docente acudirá cos nenos e nenas a aula de informática para facelo.

De ser pertinente, volveráselles pedir que fagan o debuxo de como ven o Incio dentro duns cincuenta anos, para así poder comparalos cos que realizaron inicialmente e observar o que adquiriron durante o transcurso das sesións. Se se quere, eses debuxos tamén poderán ir incluídos no vídeo.

- Transversalidade: coa Lingua Galega (macrohabilidade da fala) e co emprego das Novas Tecnoloxías.
- Duración: 65 minutos.

5.1.5. Sesión VI. Preparación do fin: Preparación do DTI

Nesta sexta sesión, os nenos e nenas serán informados a través doutra pedra do DTI, que será o Día Tradicional do Incio, xornada de portas abertas do colexio, na que todas as persoas que queiran, poderán achegarse a coñecer a tradición do Incio. Por iso, a pedra poñerá *Preparación do DTI*. Estes dous

cursos ocuparanse de investigar sobre a gastronomía local e as festas máis arraigadas no seu municipio; farano durante esta sesión.

Polo tanto, dividiremos esta clase en dúas partes: por unha banda na parte da gastronomía e a segunda metade da sesión centrada nas festas. Con anterioridade, poderíaselles pedir aos nenos que investigasen nas súas casas acerca destes dous temas, podendo aportar así este día na clase ideas ou mesmo materiais. Recordemos que será día de preparación do DTI. Empregando libros de carácter local e a rede de Internet, buscarán as principais comidas que caracterizan o Concello e, con toda a información que teñan, elaborarán un gran cartel no que se faga referencia a esa gastronomía.

Unha vez feito o anterior, repetirase o proceso, pero aludindo ás festas máis importantes e tradicionais do Concello e, sobre elas, intentarán facer unha listaxe onde inclúan as datas e os lugares onde se celebran. De non teren información, unha chamada á Casa do Concello podería ser útil para a realización da mesma, sempre e cando sexan os nenos e nenas os que falen.

Á vez que fan isto, o mestre diralles que matinen en que pasaría coa gastronomía e coas festas se a xente deixase de habitar neste municipio.

- Transversalidade: coas áreas de Educación Artística (Música), con Lingua Galega (macrohabilidades de escoita, fala, escrita e lectura) e coas Ciencias Naturais.
- Duración: 100 minutos, con descanso de 5 minutos na metade.

5.2. PROPOSTA PARA A CLASE DE 3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A continuación, procédese a levar a cabo o conxunto de sesións relacionadas co despoboamento do rural de Galicia, ao igual que a anterior proposta. O motivo de unión da temática será *A Estación de Coñecementos*, que será un espazo da clase na que se irán aparcando as diversas tarxetas que vaian traendo os discentes á clase, que se lles darán no momento de chegada ao colexio ou incluso o condutor do autobús que os leva ao mesmo. Non se entregará máis dunha tarxeta por día e a un só discente, en xornadas determinadas polo docente.

5.2.1. Sesión 1. Descubrir a realidade e coñecer o despoboamento: *Coñecemos investigando*

Esta sesión comezará coa chegada dun neno ou nena cunha tarxeta que traerá escrito o nome desta sesión: *Coñecemos investigando*. Este título é significativo de cara ao que se vai realizar. Partirase de pórles ás cativas e cativos a canción interpretada por Lucía Pérez (cantante do Incio) do poema de Rosalía de Castro “*Adiós ríos, adiós fontes*”. Na primeira audición diráselle ao alumnado que se deberá quedar co tema principal da canción, na segunda deberán anotar as palabras que máis lles chame á atención e na terceira vez que anoten os conceptos propios da paisaxe galega. Cada vez que se escoite o poema, os discentes irán aportando todo o que consideren oportuno así coma o que se lles pregunta. O mestre servirá de guía para conseguir chegar á idea de despoboamento.

Unha vez que cheguen á idea de despoboamento a través dese poema e vistos os elementos da paisaxe galega que se citan, o docente porá na parede dúas cartolinas; nunha delas escribirán as ideas de como ven o Incio dentro de cincuenta anos, quedando a outra aí exposta para vindeiras sesións.

O proceso de despoboamento que se está a producir no entorno rural, será visto en primeira persoa polas nenas e nenos coa realización desta última actividade da sesión. Deberanse organizar entre todos os discentes da aula e informarse de:

- Número de profesionais que traballan agora no colexio e o número de profesionais que traballaban hai vinte anos.
- Número de profesionais que traballan agora no centro de saúde e o número de profesionais que traballaban hai vinte anos.
- Número de profesionais que traballan agora no Concello e o número de profesionais que traballaban hai vinte anos.

De non o saber, ou de non ter información no colexio (que será moi probable), os discentes deberán coller o teléfono e chamar aos lugares onde teñan confusión ou ignorancia dos datos que se piden. Anotaranos no encerado da clase e compararán os mesmos; así verán o decrecemento da poboación.

- Transversalidade: coas áreas de Educación Artística (Música) e con Lingua Galega (macrohabilidades de escoita, fala e escrita).
- Duración: 55 minutos.

5.2.2. Sesión II. *Problematización: O despoboamento móvenos*

Chegará unha nova tarxeta en mans doutro alumno ou alumna que se chamará *O despoboamento móvenos* e que, tal e como se intúe a través do título, levarase a cabo no patio ou pavillón do colexio. Dividiremos a sesión en tres partes, das cales a primeira e a segunda serán a través de xogos diversos. O primeiro xogo titularase *Movémonos no despoboamento* e dividiranse aos discentes en grupos de tres; a cada grupo daráselles un plano para que busquen no patio diversas tarxetas que hai escondidas e nas que irán escritos distintos problemas do despoboamento, como son: “Posible futura explotación do terreo”, “Maior probabilidade de incendios”, “Perda de persoas”, “Perda da cultura (tradicións)”, “Aumento de casas abandonadas e/ou en ruínas” e “Peche de servizos: centros de saúde, escolas, tendas...”. Ao lado de cada tarxeta, haberá un “Sabías que...”, como poden ser: “Sabías que fai trinta anos este colexio tiña máis douscentos nenos e nenas”, “Sabías que fai corenta anos a poboación do Incio era dobre ca de hoxe en día” ou mesmo “Sabías que fai poucas décadas moitos cativos e cativas viñan ao colexio de pé no autobús porque non había asentos suficientes”.

Unha vez atopadas todas as tarxetas e lidas todas as curiosidades expostas, cada grupo comentaralle aos seus compañeiros e compañeiras todo o que atoparon. Polo momento, non se lles dará máis importancia ao atopado. Posteriormente, o segundo xogo que se chamará *A mímica móvenos*, irá relacionado co anterior e consistirá en que cada trío, deberá escoller unha tarxeta da totalidade das encontradas con anterioridade e terá cinco minutos para pensar en como representarán ese problema ás compañeiras e compañeiros, que os terán que adiviñar.

Xa vistos os diversos problemas e incluso interiorizados, irase ao xardín do colexio e será aí onde, todos os nenos e nenas xunto co docente, os analizarán e pensarán nas súas causas e consecuencias, empregando as tarxetas como base e pegándoas logo no lugar que queiran do colexio.

- Transversalidade: coas áreas de Educación Física e con Lingua Galega (macrohabilidades de fala e lectura).
- Duración: 50 minutos.

5.2.3. Sesión III. Responder ao problema: Os beneficios do noso entorno

Unha das respostas que se pode dar aos problemas é sempre incluír os beneficios que aporta un determinado aspecto cando non ten ese problema, e este será o caso. Por iso a tarxeta coa que chegará un dos discentes chamarase *Os beneficios do noso entorno*. Por parellas, deberán crear adiviñas ou breves cancións pequenas onde se traballen cos beneficios que hai cando se vive no medio rural. Unha vez creado o anterior, exporanllos aos compañeiros e compañeiras da clase, e incluso do colexio.

- Transversalidade: coas áreas de Educación Artística (Música) e con Lingua Galega (macrohabilidades lingüísticas).
- Duración: 40 minutos.

5.2.4. Sesión V. Conclusión: Os beneficios do rural

Nesta sesión trataranse de realizar tres ou catro carteis, algún deles elaborados á man e outros elaborados no ordenador, que conterán os diversos beneficios que nos aporta vivir no rural así como a intención de combater o despoboamento do municipio no que se localiza o colexio. Empregarán así diversas fontes de información escrita como libros, quer a que está na rede, quer a información oral: a transmitida polos mestres, compañeiros e mesmo a comentada pola familia (pois será unha actividade formulada días anteriores para que os discentes vaian reflexionando acerca da mesma).

Aproveitarase esta sesión tamén para cubrir a cartolina presente na clase e sen encher, onde deberán anotar como ven o inicio dentro de cincuenta anos, e así verán como cambiaron as súas ideas ao analizar o despoboamento. Estas ideas tamén as poderán expor nos carteis. Por todo isto, para comezar a sesión, un discente chegará coa tarxeta *Os beneficios do rural*, que será o título da sesión.

- Transversalidade: coa Lingua Galega (macrohabilidades lectura e escritura, fundamentalmente), con Educación Artística (Plástica) e co emprego das Novas Tecnoloxías.
- Duración: 70 minutos.

5.2.5. Sesión VI. Preparación do fin: Preparación do DTI

No transcurso desta sexta sesión, os nenos e nenas serán informados a través doutra tarxeta, que chegará á *Estación de Coñecementos*, do DTI, que será o *Día Tradicional do Incio*, xornada de portas abertas do colexio, na que todas as persoas que queiran, poderán achegarse a coñecer a tradición do Incio. Por iso, a tarxeta poñerá *Preparación do DTI*. Estes dous cursos ocuparanse de investigar sobre anécdotas, contos e lendas por unha banda, e pola outra de atopar diversos xogos populares; farano durante esta sesión, que só será preparatoria para a xornada do DTI.

A primeira parte da sesión será destinada a que os discentes plasmen en soporte dixital as anécdotas, contos ou lendas que eles saben sobre o seu Concello ou, de non o saber, poderán recorrer ás familias informándose previamente a esta sesión (serán avisados con anterioridade), ou mesmo empregar diversos libros que hai sobre o Incio no colexio. Farano en soporte dixital para logo proxectalas o DTI e que sexan os discentes os que as lean ou mesmo reproduzan audios. Terán liberdade para pensar como expor esas narracións.

A segunda parte desta sesión irá destinada á busca de xogos tradicionais do Incio, ben sexa do presente coma do pasado; para isto, si que poderán utilizar o teléfono para investigar sobre os mesmos. Todos os que teñan iranos anotando no chan do patio con fita illante e escollerán cinco para preparalos para que o DTI se leven á práctica con todos os asistentes. Cómpre resaltar que durante esta sesión, o docente terá en conta as ideas de todos os nenos e nenas, non prescindindo delas

- Transversalidade: coa Lingua Galega (macrohabilidades e vocabulario), con Educación Física e co emprego das Novas Tecnoloxías.

- Duración: 100 minutos, con cinco minutos de descanso na metade.

5.3. PROPOSTA PARA A CLASE DE 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Esta proposta tamén terá como temática central o despoboamento do rural galego, mais o fío condutor entre as sesións desta temática será outro: *A Oficina Problemática*. Antes de comezar o conxunto de sesións, farase unha previa onde se faga unha oficina nun espazo da clase e onde se lle poña ese título; non se explicará nada máis aos nenos e nenas. Cada día que se faga unha sesión, chegará unha carta á Oficina que indique o que se vai facer, sen especificar todos os detalles, incrementando a intriga na aprendizaxe.

5.3.1. Sesión I. Descubrir a realidade: Comparacións do coñecido

Caractericemos esta sesión como unha estimulación de ideas, que constará de dúas actividades que servirán para achegar ao alumnado á idea desta proposta. Primeiramente, sentados todos os discentes en torno a unha gran mesa, presentaráselles unha diapositiva na que vexan dúas imaxes: un neno ou nena labrego de fai décadas e un neno ou nena labrega do presente (podendo ser un discente que estea na aula); a partires de aí, reflexionarán acerca do que cambiou, achegándose ao rural galego e ata dar coa idea do despoboamento (se non chegan por eles mesmos, que será difícil que non o fagan, o mestre serviralles de guía tamén para este aspecto). Cando vaian expondo as súas ideas, iranas escribindo en diversas cartolinas tamaño folio, sempre nun ambiente de calma e de gozo.

Logo, presentaráselles outra diapositiva que os leve a unha maior reflexión: unha comparativa entre a imaxe dun oso pardo en terras galegas (porase por debaixo que é un animal en perigo de extinción) e a fotografía dunha nena ou neno no campo. Diráselles que os comparen e que establezan unha relación entre as dúas imaxes. De aquí volverá xurdir seguro a preocupación existente polo despoboamento rural galego. Empregarase unha fotografía dun oso pardo para facer un lema que defenda o noso rural, de tipo: “Fagamos que a preocupante extinción do oso non sexa un símil á extinción das persoas” (este lema non será imposto, deberano crear os discentes).

As cartolinas escritas con anterioridade, pegaranse no chan do corredor do colexio, para telas sempre presentes e non esquecer unha das maiores preocupacións do rural galego. O lema co oso, pódese poñer nun lugar estratéxico de ampla visión no colexio.

- Transversalidade: coa Lingua Galega (macrohabilidades) e coas Ciencias Naturais.
- Duración: 45 minutos.

5.3.2. Sesión II. Coñecer o despoboamento e a súa problematización: Analizar

Como inicio desta sesión, chegará unha nova carta á *Oficina Problemática* que levará por título o nome desta sesión: *Analizar*. Poderémola dividir en tres partes: análise de novas, consulta ao Instituto Nacional de Estatística e ver se estamos ante un problema.

Primeiramente, o mestre ou mestra levará á aula diversos xornais que teñan noticias sobre o despoboamento, e deixaraos sobre a *Oficina Problemática*; alí, pedirase ao alumnado que busque noticias referidas e este tema e que vaia tomando notas do que lle parece relevante. Poderano facer en grupo ou non. Unha vez atopadas as noticias, farase unha reflexión grupal de cal é a situación do rural galego na actualidade, observando de primeira man esa problemática.

A continuación, acudirán ao ordenador da clase e buscarán información acerca da demografía do municipio do Incio nos últimos anos, e verán así datos curiosos á vez que preocupantes. Ante isto, deberán confeccionar na Oficina unha ou varias diapositivas, ou mesmo gráficas, onde se expoñan os datos atopados e aptos para prestarlles especial atención. Imprimíranas e situaranas polo colexio para que se vexan e que este feito leve a pensar e a preocuparse. A mestra ou mestre só será un guía na súa aprendizaxe e facilitador do que precisen.

Unha vez feito o anterior e visto que o despoboamento supón un grave problema, no encerado da aula haberá unha pregunta: “É o despoboamento un problema? Por que? A onde nos leva este fenómeno?”. En gran grupo irán respondendo a estas cuestións e mesmo, unha vez respondidas, pódese facer

un programa de radio, onde o moderador sexa o docente e os entrevistados os discentes, no que se fale de todo o anterior e se expoñan opinións.

- Transversalidade: coa Lingua Galega (macrohabilidades, textos xornalísticos), co emprego das Novas Tecnoloxías e con Matemáticas.
- Duración: 65 minutos.

5.3.3. Sesión III. Responder ao problema: *Distintivo rural*

Ante a visión da problemática, algo do que se debe facer é darlle resposta a través de aportar beneficios; por iso, esta sesión estará destinada á creación dunha marca propia para diversos alimentos comúns e tradicionais da zona, como se fose un distintivo de calidade que, ao fin e ao cabo, estanse promocionando produtos do rural que impliquen a conservación do mesmo. Comezará a sesión coa chegada dunha carta que levará por título: *Distintivo rural*. Para iso, deberán seguir os seguintes pasos:

- Buscar diversos alimentos que teñan orixe no seu municipio e que merecen un coñecemento fóra das fronteiras do propio Concello: castañas, noces, porco celta, troitas, mel, amorodos, hortalizas...
- Debater cales deben ser escollidos para atribuírle o distintivo de calidade.
- Creación do distintivo de calidade: da marca. Para iso, terán en conta nas súas representacións o municipio do Incio e o rural.
- Atribución desa marca aos distintos alimentos, xunto cos lugares do Concello onde máis predominan.

Unha vez feito isto, analizarán o que acaban de facer e será que vexan que o rural do Incio ten moita riqueza e variedade, e de aí que se deba protexer e coidar, por iso estamos ante unha actividade que responda ao problema. Esta última análise realizarana por parellas para logo expórllela aos seus compañeiros e compañeiras, sempre coa disposición do docente.

- Transversalidade: con Lingua Galega (macrohabilidades), con Educación Artística (Plástica) e con Ciencias Naturais.
- Duración: 50 minutos.

5.3.4. Sesión V. Conclusión: Vídeo do despoboamento

Chegará unha nova carta á *Oficina Problemática* que será titulada *Vídeo do despoboamento*, nome que levará a presente sesión. O gran grupo e a mestra ou mestre como gravador, deberán realizar unha proxección audiovisual no que falen en como combater o despoboamento, centrándose no caso particular do Incio.

Será o docente o guía, pero serán os discentes os que indiquen o que van dicir no vídeo e os que determinen se queren empregar algún material de apoio ou non. Para compoñer o vídeo final, acudirán á aula de informática na que rematarán coa súa produción.

- Transversalidade: coa Lingua Galega (macrohabilidades) e co emprego das Novas Tecnoloxías.
- Duración: 60 minutos.

5.3.5. Sesión VI. Preparación do fin: Preparando o retorno dos emigrados

Nesta sexta sesión, os discentes serán informados a través doutra carta, que chegará á *Oficina Problemática*, do DTI, que será o Día Tradicional do Incio; xornada de portas abertas do colexio, na que todas as persoas que queiran, poderán achegarse a coñecer a tradición do Incio. Debido a iso, a carta levará por título a *Preparación do DTI*. Estes dous cursos ocuparanse de investigar sobre os cambios na paisaxe co paso do tempo no Concello do Incio e sobre os retornados emigrados na súa época por escaseza de recursos no seu territorio. Esta sesión unicamente será preparatoria para a xornada do DTI.

Primeiramente, os discentes acudirán á clase con fotografías traídas por eles mesmos (xa que han de ser pedidas días antes) sobre a paisaxe de fai unhas décadas. O docente levará tamén imaxes e non só do pasado, senón que tamén do presente. Ante a expectación que adoitan ter as nenas e nenos sobre as fotografías, eles mesmos farán unha listaxe de aspectos que cambiaron na nosa paisaxe dende fai uns anos a esta parte; deste xeito, analizarase o rural no sentido máis estético. Esa listaxe, farana ordenada para logo presentala no DTI, xunto coas fotografías que se teñen. Amais, o alumnado deberá confeccionar un debuxo cooperativo no que representen

unha paisaxe do municipio do Incio dentro de cincuenta anos e na que se verán aplicados os coñecementos do despoboamento que xa teñen, e máis ao ver a evolución da paisaxe a través da fotografía.

Ademais, xa de postos a traballar coa paisaxe e unha vez feito o anterior, presentaráselles unha imaxe de vexetación antrópica en Galicia, como pode ser unha plantación de eucaliptos, formulándolles a pregunta: “Credes que o despoboamento do rural pode levar a isto? Estades de acordo con este tipo de plantacións?” Deberán reflexionar en gran grupo acerca desto e buscando na rede o como este tipo de vexetación deteriora a nosa paisaxe. Isto, poderano incluír no DTI.

A segunda parte desta sesión está destinada a traballar a emigración, e para iso, o docente terá de man a unha ou dúas persoas retornadas que asistirán este mesmo día ao colexio para preparar esta parte do DTI. Estas persoas centraranse en que, pola sobre abundancia de poboación antes e pola falta de traballo no campo, tiveron que emigrar; contarán tamén diversas vivencias que serán collidas ben en vídeos, gravacións ou de xeito escrito, de tal maneira que os nenos e nenas cheguen a comprender a diferenza do pasado coa actualidade. Amais, os discentes buscarán a onde emigraron as persoas habitantes do Incio e situarano no mapa, vendo así as distintas posibilidades de futuro que tivo a xente (o mapa será exposto o DTI); para atopar esta información, pode ser produtiva unha chamada ao Concello.

Para rematar a sesión, os nenos e nenas exporanse ante unha gravación de audio na que contarán que posibilidades de futuro ven para eles mesmos facendo referencia ao municipio no que se está traballando.

- Transversalidade: coa Lingua Galega (macrohabilidades), con Ciencias Naturais, con Educación Artística (Plástica) e co emprego das Novas Tecnoloxías.
- Duración: 100 minutos, cun descanso de cinco minutos na metade.

5.4. SESIÓN IV DAS TRES PROPOSTAS. VALORAR O RURAL NO INCIO: *VIAXAMOS POLO NOSO CONCELLO, SEMPRE APRENDENDO*

O desenvolvemento da saída realizarase durante a xornada lectiva do colexio de pola mañá, é dicir, das dez da mañá ás tres do mediodía, pois será suficiente ese tempo para levar a cabo as actividades nos lugares que están previstos. Será unha saída que afectará a todo o colexio e empregárase un autobús como medio de transporte.

Ademais, cada nena ou neno levará unha *Incialana* con eles, que será unha tarxeta, feita polos docentes, á que irán engadindo un adhesivo en cada lugar que paren, facendo así que haxa unha constancia de que estiveron nese lugar; será un símil da *Compostelana*.

En todas as actividades, as mestras e mestres servirán de guía, mais non de transmisor, intentando así que o alumnado aprenda da experiencia e a partires da motivación, de aí que se faga esta saída. Todas as paradas, así como o que se realizará en cada unha delas, aparecen expostas no Anexo II.

Empregarase a hora de clase de pola tarde para pór en común todas as reflexións que se lles ocorran, escribíndoas na bitácora do colexio para que as familias sexan coñecedoras das impresións dos mesmos. Faráselles reflexionar acerca do despoboamento, do futuro do rural galego, do seu Concello en particular e dos aspectos que se han de valorar para evitar este preocupante fenómeno.

- Transversalidade: coas áreas de Educación Física, con Lingua Galega (macrohabilidades e vocabulario), con Educación Física e con Ciencias Naturais.
- Duración: 5 horas.

5.5. SESIÓN VII DAS TRES PROPOSTAS. REMATE: *DÍA TRADICIONAL DO INCIO (DTI)*

O DTI, *Día Tradicional do Incio*, ten como obxectivo dar a coñecer as tradicións do Concello ao que pertence ao colexio, sempre visto dende o punto de vista do despoboamento do rural galego, isto é, que pasaría se este desaparece e cae logo no esquecemento? Os protagonistas deberán selos as

nenas e nenos, pois xa serán entendidos na materia despois de desenvolver todas as sesións anteriores.

A duración do DTI será de dúas horas (das doce ás dúas da mañá), sendo media hora antes de comezar a presentación desta xornada, podendo ser o horario máis flexible ante calquera petición. As condicións para os discentes serán que, como mínimo, deberá haber dous nenos ou nenas atendendo no seu punto no que son coordinadores.

A franxa horaria que vai dende as dez da mañá (hora de entrada ao colexio) ata as once e media, estará destinada á organización do alumnado e do punto que coordinan; entre eles deberán organizarse en canto ás quendas que van facer no seu punto de referencia así como organizar a información que pensan proporcionar ás persoas que asistan ao colexio. Os docentes serán os guías en todo momento e sempre lles lembrarán que os dous puntos centrais do que terán que dicir e facer son o despoboamento do rural galego, centrándose no seu municipio, e o valor da cultura local.

O demais alumnado que non teña que estar no punto que coordina nun determinado momento, aproveitará para estar con todas as persoas que participan neste DTI; as portas do colexio estarán abertas a todas as persoas que garden un determinado vínculo co colexio, ben sexa de xeito directo (familias, alumnado que se formou neste centro...) ou indirecto (veciños, persoas que se sintan identificadas co que se está a facer...), sempre respectando a seguridade do centro educativo e dos seus compoñentes. As persoas asistentes non deberán asistir todas á hora marcada na que se dá comezo ao DTI, poderán visitar o centro cando o consideren oportuno, sempre e cando se respecte o horario fixado.

De ser necesario, o DTI podería continuar en xornada lectiva de tarde, isto é, das tres e media ás catro e media; todo dependerá da demanda. Será a través desta xornada como se observe se funcionou a proposta presentada anteriormente ou non. O conxunto de actividades que se realizarán, aparecen explicadas e organizadas no Anexo III deste traballo.

6. CONCLUSIONES

A meirande parte da comunidade educativa do colexio público do Incio asume o despoboamento rural galego como un problema que hai que tratar, partindo do suposto de que a escola é un bo lugar para facelo. En base a isto, podemos establecer que o proxecto exposto pode traer repercusións positivas – á par que necesarias – ás demandas da comunidade e, por extensión, do conxunto da sociedade.

Por iso, é necesaria a aplicación de proxectos como o anterior en distintos centros educativos galegos, para lograr unha pronta e útil concienciación na e da comunidade, afrontando o despoboamento como un problema que ten as súas causas no pasado, unha transcendencia importante no presente galego e unhas posibles, previsibles e futuras consecuencias negativas para a poboación galega, de non mudar a situación.

O motivo primeiro, principal e prioritario para a realización deste Traballo de Fin de Grao, foi a inquietude persoal e as ansias de facer algo co piar da sociedade, para tentar aportar unha pequena dose de freo ao problema do despoboamento rural galego. A partires da realización do proxecto de centro tratado, pretendeuse que non impida no conxunto do alumnado a participación a partires da “expresión das súas voces” (Prieto, 2009, p. 1), conseguindo así actitudes e aptitudes tolerantes e de respecto mutuo a partires do debate e da crítica. E é que a intervención de xeito práctico é a mellor solución para o problema tratado, curándoo, en certa medida, a partires do eido educativo e cunha xestión e organización escolar á medida do mesmo.

Tendo en conta que as verdades absolutas no ámbito das ciencias sociais non existen, debe xurdir a necesidade por parte do claustro do profesorado de “oposición ás definicións de verdade dominantes e ás estruturas de poder” (McLaren, 1997, p. 55), podendo establecer así que o conxunto do proxecto de centro que se desenvolveu con anterioridade, cumpre con esa misión e afirmación.

Como remate deste traballo, o autor do mesmo expón que non hai maior desprezo ante un problema que obviao e confiando en que se solucione sen antepoñer ningunha solución; ante o caso do despoboamento rural galego, a

administración e sempre en colaboración co conxunto das comunidades que conforman a sociedade, deben pór as raíces para que brote o xermolo que só será capaz de ver ao rural como un presente e como un futuro, máis nunca como unha rama seca que so forma parte do pasado. Pensar para comezar a reflexionar, e reflexionar para aplicar.

7. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez Fernández, M. (2000). *O Proxecto Educativo da institución escolar*. Barcelona: GRAÓ.
- Antúnez, S. (1998). *O Proxecto Educativo de Centro*. Barcelona: GRAÓ.
- Apple, M. W. (2000). *Teoría crítica e educación*. Madrid: Miño e Dávila.
- Armas Quintá, F. J., & Macía Arce, J. C. (2012). A difusión da sociedade da información en Galicia e norte de Portugal. Novas ruralidades e oportunidades desenvolvemento. *A poboación en clave territorial. Procesos, estruturas e perspectivas de análise* (pp. 184-191). Santander: Ministerio de Economía e Competitividade, Goberno de Cantabria, Asociación de Xeógrafos Españois e Universidade de Cantabria.
- Armas Quintá, F., & Macía, C. (2015). Desenvolvemento rural e sociedade da información en Portugal. Análise da fenda dixital de segunda xeración na rexión Norte. *Revista de Xeografía e Ordenación do Territorio*, 65-83.
- Ayuste, A., Flecha, R., López Palma, F., & Lleras, J. (1999). *Formulación da pedagogía crítica: comunicar e transformar*. Barcelona: GRAÓ.
- Blanco Desar, M. (2014). Viva Galicia? Un futuro por xestar. Infecundidade e senescencia como factores da desgaleguización de Galicia. En M. Blanco Desar, *Galicia: un pobo con futuro?* (pp. 19-72). Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Bunge, M. (1985). *Investigación científica*. España: Ariel.
- Bustos Jiménez, A. (2014). A didáctica multigrado e as aulas rurais: perspectivas e datos para a súa análise. *Innovación Educativa*, 119-131.
- Casanova Vila, A. (16 de Febreiro de 2017). O Incio busca fixar poboación cun plan de aluguer de casas desocupadas. *El Progreso*.

Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. *Diario Oficial de Galicia*. Santiago de Compostela, 21 de outubro do 1996, núm. 206, p. 9267.

de Castro, R. (1999). *Cantares Gallegos*. Madrid: Sucesores de Hernando.

Delgado Granados, P. (2010). Educación, democracia e cidadanía no século XXI desde o proxecto político educativo de Paulo Freire. *Fuentes*, 140-153.

Ferrás Sexto, C. (2014). O cambio demográfico e o futuro de Galicia. Que facemos? Planificamos? En M. Blanco Desar, *Galicia: un pobo con futuro?* (pp. 96-141). Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Ferrière, A. (1982). *A escola activa*. Barcelona: Herder.

Freire, P. (1989). *A educación como práctica de liberdade*. Montevideo, Uruguay: Tierra Nueva.

Freire, P. (1997). *Pedagogía da autonomía*. México D.F.: Siglo XXI.

García Córdoba, F., & García Córdoba, L. T. (2005). A problematización. *Cadernos ISCEEM*.

García Pérez, F. F. (2001). O coñecemento escolar nunha didáctica crítica. Reflexións xerais e formulación dalgúns debates. En J. Mainer, *Discursos e prácticas para unha didáctica crítica* (pp. 119-139). Sevilla: Díada Editora.

Gimeno Lorente, P. (2009). *Didáctica crítica e comunicación: Un diálogo con Habermas e a escola de Frankfurt*. Barcelona: Octaedro.

Hernández Borge, J. (2013). *Galicia, unha poboación avellentada*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico Campus Vida.

Instituto Galego de Estatística. (10 de Abril de 2017). *Instituto Galego de Estatística*. Obtido de <https://www.ige.eu/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>

- Instituto Nacional de Estadística. (03 de Marzo de 2017). Obtido de <http://www.ine.es/consul/serie.do?s=6-12790&c=2&nult=0>
- López Pombo, L. (2003). *O Incio. Paisaxe, Historia e Patrimonio*. Salamanca: Imprenta Catedral.
- López Yáñez, J. (2006). A onde vai a teoría da organización? *Revista do currículo e formación do profesorado*, 1-28.
- Martínez López, M. (1999). O despoboamento galego a contracorrente: As novas relacións compo-cidade e as vivencias da permanencia, o retorno e a repoboación. En R. Rodríguez González, A. López González, M. Á. Fernández Taboada, M. Martínez López, & J. M. González Pérez, *O despoboamento en Galicia: Preocupación ou lóxica territorial* (pp. 161-227). Galicia: Tórculo Artes Gráficas.
- McLaren, P. (1997). *Pedagogía crítica e cultura depredadora: Políticas de oposición na era posmoderna*. Barcelona: Paidós Ibérica.
- Perrenoud, P. (2002). *Les cycles d'apprentissage. Une autre organisation du travail pour combattre l'échec scolaire*. Québec: Presses de l'Université du Québec.
- Prieto, M. (2009). Educación para a democracia nas escolas: un desafío pendiente. *Revista Iberoamericana de Educación*, 1-11.
- Rodríguez Espino, M. (27 de Maio de 2015). *Escola Universitaria de Educación Virtual*. Obtido de Didáctica Crítica: <http://eudev2.uta.cl/rid=1HB09DN7D-SR0Z3Q-12K>
- Roith, C. (Outubro de 2006). *A teoría crítica na teoría educativa e os deseños curriculares de Wolfgang Klafki*. Obtido de Universidade de Almería: <http://www.ual.es/~chroith/pdf/Klafki.pdf>
- Rojas Olaya, A. R. (2009). A Didáctica Crítica, crítica a crítica educación bancaria. *Integra Educativa*, 93-108.
- Rozada Martínez, J. M. (2001). Libres dende pequenos. Un proxecto de didáctica crítica para a escola primaria. En J. Mainer, *Discursos e prácticas para unha didáctica crítica* (pp. 41-59). Sevilla: Díada Editora.

- Saco, A. (2010). Desenvolvemento rural e despoboamento en Galicia: escenarios e desenvolvementos de futuro. *Revista de Estudos sobre Despoboamento e Desenvolvemento Rural*, 11-30.
- San Fabián Maroto, J. L. (2011). O papel da organización escolar no cambio educativo: a inercia do establecido. *Revista de Educación*, 41-60.
- Santacana Mestre, J. (28 de Maio de 2013). *Didáctica do patrimonio cultural*.
Obtido de <https://didctiadelpatrimonicultural.blogspot.com.es/2013/05/patrimonio-educacion-e-historia-el.html>
- Santacana Mestre, J., & Martínez Gil, T. (2013). Patrimonio, identidade e educación: unha reflexión teórica dende a historia. *Educatio Siglo XXI*, 47-60.
- Santacana Mestre, J., & Prats Cuevas, J. (2014). O patrimonio inmaterial e a educación: bases conceptuais para unha formulación didáctica. *Her&Mus*, 8-15.
- Santos Guerra, M. A. (1994). *Entre bastidores: o lado oculto da organización escolar*. Málaga: Aljibe.
- Sarasola, M. R. (2006). Tres institucións sobre a investigación en Organización Escolar. *Revista Iberoamericana de Educación*, 1-11.
- Tabarés, F. (2014). En M. Blanco Desar, *Galicia: un pobo con futuro?* (pp. 251-253). Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Thorne, K. (2008). *Motivación e creatividade en clase*. Barcelona: Graó.
- Wass, S. (1992). *Saídas escolares e traballo de campo na educación primaria*. Madrid: Morata.
- Young, R. (1993). *Teoría crítica da educación e discurso na aula*. Barcelona: Paidós Ibérica.

ANEXOS

ANEXO I: DESEÑO INICIAL DA PROPOSTA

A continuación, procederanse a describir as distintas sesións da proposta inicial elaborada para o CEIP Ricardo Gasset do Incio, que é destinada para todos os cursos inda que con distinta organización de actividades dependendo do nivel.

1. PROPOSTA PARA A CLASE DE 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O conxunto de sesións que se desenvolverán en torno á temática central deste traballo, como é o despoboamento do rural galego, terán a súa orixe na *Canteira da Sabedoría*, isto é, dentro da aula haberá un recuncho onde se vaian coleccionando distintas pedras que irán atopando os nenos e nenas polo colexio cada día que se realice unha sesión desta proposta. Encontrarán unha soa pedra colocada polo mestre nun lugar do centro educativo antes de comezar a sesión. Nesa pedra irá un adhesivo co nome da devandita sesión e só terá a misión de motivar aos discentes. Iranas colocando no recuncho da clase dedicado para tal fin.

1.1. SESIÓN I. DESCUBRIR A REALIDADE E COÑECER O DESPOBOAMENTO: *DESCUBRINDO E COÑECENDO*

Unha vez que chega á *Canteira da Sabedoría* a pedra que leva por título o nome desta sesión, iniciaremos a clase no que o traballo do gran grupo sexa común. Partiremos de exporlle ao alumnado tres fotografías: unha dunha casa en ruínas que haxa no entorno do colexio, outra dun colexio abandonado que haxa no seu Concello e que todos coñezan e a outra dun castro celta soterrado, que tamén hai varios na zona. Serán os discentes os que opinen acerca do que están a ver e os que establezan os seus razoamentos iniciais do porqué iso está así. O mestre ou mestra servirá de guía para os mesmos.

Logo, pedirase que cada discente realice un debuxo libre no que retraten como ven o pobo do Incio ou a aldea na que viven dentro duns cincuenta anos, coñecendo así as ideas previas das nenas e nenos e observando se algún reflicte nas súas creacións a pegada do despoboamento, aínda que será difícil que o fagan. Ambiente distendido será o que mostre o docente en todo momento.

Posteriormente, a mestra ou mestre collerá a caixa de pinturas que haberá na aula e servirlle así para explicar o despoboamento do rural galego, entendendo a caixa como un determinado municipio, podendo ser o do Incio, e as pinturas como os cidadáns que nel habitan; pouco a pouco irá sacando esas cores e os discentes verán así a situación de abandono que está acontecendo actualmente. Verán tamén que o feito de quitar as cores da caixa eilas eliminando, quedaranse sen recursos para logo colorear, sendo un símil da redución de recursos que padece o rural galego. En todo momento o docente permitirá que os discentes falen expondo así as súas reflexións e / ou dúbidas.

Como actividade final para rematar esta sesión, amosarase un anaco de papel continuo pegado á parede que levará por título “*Os nosos maiores*” e no que cada neno ou nena irá poñendo o número de irmáns que tiveron os seus dous avós e as súas dúas avoas e decontado, tamén sinalarán o número de irmáns que eles mesmos teñen; así verán dun xeito claro e veraz o decrecemento importante da poboación. De non saber o número de irmáns dos seus avós, empregarase o teléfono para consultalo.

- Transversalidade: coas áreas de Educación Artística (Plástica) e con Lingua Galega (macrohabilidades de escoita e fala).
- Duración: 50 minutos.

1.2. SESIÓN II. PROBLEMATIZACIÓN: *PROBLEMATIZAMOS APRENDENDO*

Atopada e chegada a pedra correspondente á aula, partírase de analizar se o despoboamento do rural é un problema, e para iso, realizaranse dous xogos no patio do colexio e unha exposición. O primeiro deles levará por título *Asociproble* e consistirá en relacionar diversos debuxos coas súas correspondentes palabras; esas representacións serán seis problemas: un debuxo dun incendio, un pobo no que non se vexan persoas, outro onde haxa plantacións de eucaliptos e ao lado unha industria contaminando, outro onde apareza xente bailando ou gardando o gando cunha cruz vermella por riba, un no que se vexan casas en ruínas e outro onde aparecen tachados un centro de saúde, un colexio e tendas (falta de servizos). Estes debuxos poderanos facer ou pintar previamente e serán realizados en folios DIN A3 e plastificados.

Conectaremos con cadanseu título ou palabra no recreo por parellas, de tal maneira que cada unha teña un problema.

O segundo xogo será titulado *A mariola despoboada*; será como o seu propio nome indica unha mariola, pero en lugar de ter números terá en cadanseu lugar os debuxos cos que anteriormente se traballou (de aí que sexan plastificados, para ser pisados). De un en un, e todos atendendo ao xogo, lanzarase un dado e a nena ou neno terá que avanzar na mariola tantas posicións como o indique o dado lanzado. Terá que dicir o porqué o debuxo que está pisando é un posible problema orixinado no despoboamento. Así o irán facendo individualmente, pero coa axuda das compañeiras e compañeiros así coma do docente. De quedar algún debuxo sen analizar, farase conxuntamente. Se eles queren, poderase facer dúas veces, e será conveniente xa que de segunda vez poden saír conceptos e reflexións que na primeira non saíron.

Como remate da sesión, limparanse eses debuxos e serán os nenos e nenas os que os peguen nas paredes do colexio con cadanseu nome. No lugar que eles queiran e máis significativo para eles, ca fin de expolos aos seus compañeiros e compañeiras do colexio xunto a todas esas persoas que o visiten. Serviralles de repaso esta pequena actividade á vez que de reflexión autónoma e tamén colectiva.

- Transversalidade: coas áreas de Educación Artística (Plástica, se se quere), con Educación Física e con Lingua Galega (macrohabilidades de lectura, escoita e fala).
- Duración: 35 minutos (sen contar a posible realización dos debuxos).

1.3. SESIÓN III. RESPONDER AO PROBLEMA: *APRENDEMOS RESPONDENDO*

Xa coa nova pedra na *Canteira da Sabedoría*, esta sesión levarase a cabo arredor dunha mesa, para establecer así un debate entre todos os nenos e nenas da clase, coordinado e guiado sempre polo mestre, pero de tal forma que contén sempre coa liberdade que se lles debe proporcionar en todo momento.

Ao longo desta clase, o mestre formulará dúas cuestións que leven ao debate entre os discentes: a primeira será unha pregunta do tipo de: “Queredes o lugar no que vivides?” e a segunda será parecida a esta: “A que lugar do municipio levaríades a un amigo que non sexa do teu Concello? Por que?”. Sempre será de forma individual e organizada, onde todos os nenos e nenas teñan momento para expor o que pensan e para escoitar aos demais. Para que o debate non se divague, o mestre ou mestra irá introducindo novos conceptos que supoñan o trato do despoboamento rural galego.

Para rematar a sesión, pediráselles que fagan un debuxo do lugar do municipio ao que levarían aos amigos e amigas, tendo en conta sempre o debate que acaban de ter e sobre o cal poden chegar a valorar espazos aos que antes non lles daban importancia. Eses debuxos servirán para adornar a *Canteira da Sabedoría*, facendo así que de xeito indirecto, cando os vexan os discentes, os fagan pensar.

- Transversalidade: coas áreas de Educación Artística (Plástica) e con Lingua Galega (macrohabilidades de escoita e fala).
- Duración: 35 minutos.

1.4. SESIÓN IV. VALORAR O RURAL NO INCIO

Realizarase unha saída común a todo o alumnado do colexio que máis abaixo aparece explicada e detallada.

1.5. SESIÓN V. CONCLUSIÓN: A SÍNTESE DESPOBOADA

Esta sesión será a síntese a todo o anterior, e por iso a pedra será chamada *A síntese despoboadada*. Consistirá na gravación por parte do docente dun vídeo a todos os discentes nos que realicen as súas propias críticas persoais acerca do despoboamento do rural galego así como tamén expliquen as vantaxes que ten para eles (e unha vez traballadas as sesións anteriores) vivir no rural, neste caso, no municipio do Incio.

Esta proxección audiovisual será realizada no patio do colexio, ao contar cunha boa riqueza natural que se pode relacionar facilmente co tema que se

está a tratar. Amais, na montaxe do vídeo, o docente acudirá cos nenos e nenas á aula de informática para facelo.

De ser pertinente, volveráselles pedir que fagan o debuxo de como ven o Incio dentro duns cincuenta anos, para así poder comparalos cos que realizaron inicialmente e observar o que adquiriron durante o transcurso das sesións. Se se quere, eses debuxos tamén poderán ir incluídos no vídeo.

- Transversalidade: coa Lingua Galega (macrohabilidade fala) e co emprego das Novas Tecnoloxías.
- Duración: 60 minutos.

1.6. SESIÓN VI. PREPARACIÓN DO FIN: *PREPARACIÓN DO DTI*

Nesta sexta sesión, os nenos e nenas serán informados a través doutra pedra do DTI, que será o *Día Tradicional do Incio*, xornada de portas abertas do colexio, na que todas as persoas que queiran, poderán achegarse a coñecer a tradición do Incio. Por iso, a pedra poñerá *Preparación do DTI*. Estes dous cursos ocuparanse de investigar sobre a gastronomía local e as festas máis arraigadas no seu municipio; farano durante esta sesión.

Polo tanto, dividiremos esta clase en dúas partes: por unha banda na parte da gastronomía e a segunda metade da sesión centrada nas festas. Con anterioridade, poderíaselles pedir aos nenos que investigasen nas súas casas acerca destes dous temas, podendo aportar así este día na clase ideas ou mesmo materiais. Recordemos que será día de preparación do DTI. Empregando libros de carácter local e a rede de Internet, buscarán as principais comidas que caracterizan o Concello e, con toda a información que teñan, elaborarán un gran cartel no que se faga referencia a esa gastronomía.

Unha vez feito o anterior, repetirase o proceso, pero aludindo ás festas máis importantes e tradicionais do municipio e, sobre elas, intentarán facer unha listaxe onde inclúan as datas e os lugares onde se celebran. De non teren información, unha chamada ao Concello podería ser útil para a realización da mesma, sempre e cando sexan os nenos e nenas os que falen.

Á vez que fan isto, o mestre diralles que matinen en que pasaría coa gastronomía e coas festas se a xente deixase de habitar neste municipio.

- Transversalidade: coas áreas de Educación Artística (Música), con Lingua Galega (macrohabilidades de escoita, fala, escrita e lectura) e coas Ciencias Naturais.
- Duración: 100 minutos, con descanso de 5 minutos na metade.

1.7. SESIÓN VII. REMATE

Máis abaixo detállase o que será esta sesión, común a todas as clases do colexio e como punto central o Día Tradicional do Incio.

2. PROPOSTA PARA A CLASE DE 3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A continuación, procédese a desenvolver o conxunto de sesións relacionadas co despoboamento do rural de Galicia, ao igual que a anterior proposta. O motivo de unión da temática será a *Estación de Coñecementos*, que será un espazo da clase na que se irán aparcando as diversas tarxetas que vaian traendo os discentes á clase, que se lles darán no momento de chegada ao colexio ou incluso o condutor do autobús que os leva ao mesmo. Non se entregará máis dunha tarxeta por día e a un só discente, en xornadas determinadas polo docente.

2.1. SESIÓN I. DESCUBRIR A REALIDADE E COÑECER O DESPOBOAMENTO: COÑECEINVESTIGADESPOBO

Esta sesión comezará coa chegada dun neno ou nena cunha tarxeta que traerá escrito o nome desta sesión: *Coñecinvetigadespobo*. Este título é significativo de cara ao que se vai realizar. Partirase de pórles ás cativas e cativos a canción interpretada por Lucía Pérez (cantante do Incio) do poema de Rosalía de Castro "*Adiós ríos, adiós fontes*". Na primeira audición diráselle ao alumnado que se deberá quedar co tema principal da canción, na segunda deberán anotar as palabras que máis lles chame á atención e na terceira vez que anoten os conceptos propios da paisaxe galega. Cada vez que se escoite

o poema, os discentes irán aportando todo o que consideren oportuno así coma o que se lles pregunta. O mestre servirá de guía para conseguir chegar á idea de despoboamento.

Unha vez que cheguen á idea de despoboamento a través dese poema e vistos os elementos da paisaxe galega que se citan, o docente porá na parede dúas cartolinas; nunha delas escribirán as ideas de como ven o inicio dentro de cincuenta anos, quedando a outra aí exposta para vindeiras sesións.

O proceso de despoboamento que se está a producir no entorno rural, será visto en primeira persoa polas nenas e nenos coa realización desta última actividade da sesión. Deberanse organizar entre todos os discentes da aula e informarse de:

- ✓ Número de profesionais que traballan agora no colexio e o número de profesionais que traballaban hai vinte anos.
- ✓ Número de profesionais que traballan agora no centro de saúde e o número de profesionais que traballaban hai vinte anos.
- ✓ Número de profesionais que traballan agora no Concello e o número de profesionais que traballaban hai vinte anos.

De non o saber, ou de non ter información no colexio (que será moi probable), os discentes deberán coller o teléfono e chamar aos lugares onde teñan confusión ou ignorancia dos datos que se piden. Anotaranos no encerado da clase e compararán os mesmos; así verán o decrecemento da poboación.

- Transversalidade: coas áreas de Educación Artística (Música) e Lingua Galega (macrohabilidades de escoita, fala e escrita).
- Duración: 45 minutos.

2.2. SESIÓN II. PROBLEMATIZACIÓN: *O DESPOBOAMENTO MÓVENOS*

Chegará unha nova tarxeta en mans doutro alumno ou alumna que se chamará *O despoboamento móvenos* e que, tal e como se intúe a través do título, levarase a cabo no patio ou pavillón do colexio. Dividiremos a sesión en tres partes, das cales a primeira e a segunda serán a través de xogos diversos. O primeiro xogo titularase *despomóvenonos* e dividiranse aos discentes en

grupos de tres; a cada grupo daráselles un plano para que busquen no patio diversas tarxetas que hai escondidas e nas que irán escritos distintos problemas do despoboamento, como son: “Posible futura explotación do terreo”, “Maior posibilidade de incendios”, “Perda de persoas”, “Perda da cultura (tradicións)”, “Aumento de casas abandonadas e/ou en ruínas” e “Peche de servizos: centros de saúde, escolas, tendas...”. Ao lado de cada tarxeta, haberá un “Sabías que...”, como poden ser: “Sabías que fai trinta anos este colexio tiña máis douscentos nenos e nenas”, “Sabías que fai corenta anos a poboación do Incio era dobre ca de hoxe en día” ou mesmo “Sabías que fai poucas décadas moitos cativos e cativas viñan ao colexio de pé no autobús porque non había asentos suficientes”.

Unha vez atopadas todas as tarxetas e lidas todas as curiosidades expostas, cada grupo comentaralle aos seus compañeiros e compañeiras todo o que atoparon. Polo momento, non se lles dará máis importancia ao atopado. Posteriormente, o segundo xogo que se chamará *A mímica móvenos*, irá relacionado co anterior e consistirá en que cada trío, deberá escoller unha tarxeta da totalidade das encontradas con anterioridade e terá cinco minutos para pensar en como representarán ese problema ás compañeiras e compañeiros, que os terán que adiviñar.

Xa vistos os diversos problemas e incluso interiorizados, irase ao xardín do colexio e será aí onde, todos os nenos e nenas xunto co docente, os analizarán e pensarán nas súas causas e consecuencias, empregando as tarxetas como base e pegándoas logo no lugar que queiran do colexio.

- Transversalidade: coas áreas de Educación Física e con Lingua Galega (macrohabilidades de fala e lectura).
- Duración: 40 minutos.

2.3. SESIÓN III. RESPONDER AO PROBLEMA: OS BENEFICIOS DO NOSO MEDIO

Unha das respostas que se pode dar aos problemas é sempre incluír os beneficios que aporta un determinado aspecto cando non ten ese problema, e este será o caso. Por iso a tarxeta coa que chegará un dos discentes chamarase *Os beneficios do noso medio*. Por parellas, deberán crear adiviñas,

pareados ou cancións pequenas onde se traballen cos beneficios que hai cando se vive no medio rural. Unha vez creado o anterior, exporanllos aos compañeiros e compañeiras da clase, e incluso do colexio.

- Transversalidade: coas áreas de Educación Artística (Música) e con Lingua Galega (macrohabilidades lingüísticas).
- Duración: 35 minutos.

2.4. SESIÓN IV. VALORAR O RURAL NO INCIO

Realizarase unha saída común a todo o alumnado do colexio que máis abaixo aparece explicada e detallada.

2.5. SESIÓN V. CONCLUSIÓN: *DOCUMENTAMOS O BO*

Nesta sesión trataranse de realizar tres ou catro carteis, algún deles elaborados á man e outros elaborados no ordenador, que conterán os diversos beneficios que nos aporta vivir no rural así como a intención de combater o despoboamento do Concello no que se localiza o colexio. Empregarán así diversas fontes de información escrita como libros ou a que está na rede ou información oral: a transmitida polos mestres, compañeiros e mesmo a comentada pola familia (pois será unha actividade formulada días anteriores para que os discentes vaian reflexionando acerca da mesma).

Aproveitarase esta sesión tamén para cubrir a cartolina presente na clase e sen encher, onde deberán anotar como ven o Incio dentro de cincuenta anos, e así verán como cambiaron as súas ideas ao analizar o despoboamento. Estas ideas tamén as poderán expor nos carteis. Por todo isto, para comezar a sesión, un discente chegará coa tarxeta *Documentamos o bo*, que será o título da sesión.

- Transversalidade: coa Lingua Galega (macrohabilidades lectura e escritura, fundamentalmente), con Educación Artística (Plástica) e co emprego das Novas Tecnoloxías.
- Duración: 65 minutos.

2.6. SESIÓN VI. PREPARACIÓN DO FIN: *PREPARACIÓN DO DTI*

No transcurso desta sexta sesión, os nenos e nenas serán informados a través doutra tarxeta, que chegará á *Estación de Coñecementos*, do DTI, que será o *Día Tradicional do Incio*, xornada de portas abertas do colexio, na que todas as persoas que queiran, poderán achegarse a coñecer a tradición do Incio. Por iso, a tarxeta poñerá *Preparación do DTI*. Estes dous cursos ocuparanse de investigar sobre anécdotas, contos e lendas por unha banda, e pola outra de atopar diversos xogos populares; farano durante esta sesión, que só será preparatoria para a xornada do DTI.

A primeira parte da sesión será destinada a que os discentes plasmen en soporte dixital as anécdotas, contos ou lendas que eles saben sobre o seu municipio ou, de non o saber, poderán recorrer ás familias informándose previamente a esta sesión (serán avisados con anterioridade), ou mesmo empregar diversos libros que hai sobre o Incio no colexio. Farano en soporte dixital para logo proxectalas o DTI e que sexan os discentes os que as lean ou mesmo reproduzan audios. Terán liberdade para pensar como expor esas narracións.

A segunda parte desta sesión irá destinada á busca de xogos tradicionais do Incio, ben sexa do presente coma do pasado; para isto, si que poderán utilizar o teléfono para investigar sobre os mesmos. Todos os que teñan iranos anotando no chan do patio con fita illante e escollerán cinco para preparalos para que o DTI se leven á práctica con todos os asistentes. Cómpre resaltar que durante esta sesión, o docente terá en conta as ideas de todos os nenos e nenas, non prescindindo delas.

- Transversalidade: con Lingua Galega (macrohabilidades e vocabulario), con Educación Física e co emprego das Novas Tecnoloxías.
- Duración: 90 minutos, con cinco minutos de descanso na metade.

2.7. SESIÓN VII. REMATE

Posteriormente, detállase o que será esta sesión, común a todas as clases do colexio e como punto central o *Día Tradicional do Incio*.

3. PROPOSTA PARA A CLASE DE 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Esta proposta tamén terá como temática central o despoboamento do rural galego, mais o fío condutor entre as sesións desta temática será outro: *Oficina Problemática*. Antes de comezar o conxunto de sesións, farase unha previa onde se faga unha oficina nun espazo da clase e onde se lle poña ese título; non se explicará nada máis aos nenos e nenas. Cada día que se faga unha sesión, chegará unha carta á Oficina que indique o que se vai facer, sen especificar todos os detalles, favorecendo a intriga.

3.1. SESIÓN I. DESCUBRIR A REALIDADE: *COMPARACIÓNS DO COÑECIDO*

Caractericemos esta sesión como unha estimulación de ideas, que constará de dúas actividades que servirán para achegar ao alumnado á idea desta proposta. Primeiramente, sentados todos os discentes en torno a unha gran mesa, presentaráselles unha diapositiva na que vexan dúas imaxes: un neno ou nena labrego de fai décadas e un neno ou nena labrega do presente (podendo ser un discente que estea na aula); a partires de aí, reflexionarán acerca do que cambiou, achegándose ao rural galego e ata dar coa idea do despoboamento (se non chegan por eles mesmos, que será difícil que non o fagan, o mestre serviralles de guía tamén para este aspecto). Cando vaian expondo as súas ideas, iranas escribindo en diversas cartolinas tamaño folio, sempre nun ambiente de calma e de gozo.

Logo, presentaráselles outra diapositiva que os leve a unha maior reflexión: unha comparativa entre a imaxe dun oso pardo en terras galegas (porase por debaixo que é un animal en perigo de extinción) e a fotografía dunha nena ou neno no campo. Diráselles que os comparen e que establezan unha relación entre as dúas imaxes. De aquí volverá xurdir seguro a preocupación existente polo despoboamento rural galego. Empregarase unha

fotografía dun oso pardo para facer un lema que defenda o noso rural, de tipo: “Fagamos que a preocupante extinción do oso non sexa un símil á extinción das persoas” (este lema non será imposto, deberano crear os discentes).

As cartolinas escritas con anterioridade, pegaranse no chan do corredor do colexio, para telas sempre presentes e non esquecer unha das maiores preocupacións do rural galego. O lema co oso, pódese poñer nun lugar estratéxico de visión no colexio.

- Transversalidade: coa Lingua Galega (macrohabilidades) e con Ciencias Naturais.
- Duración: 40 minutos.

3.2. SESIÓN II. COÑECER O DESPOBOAMENTO E A SÚA PROBLEMATIZACIÓN: *ANALIZANDO*

Como inicio desta sesión, chegará unha nova carta á *Oficina Problemática* que levará por título o nome desta sesión: *Analiz-ando*. Poderémola dividir en tres partes: análise de novas, consulta ao Instituto Nacional de Estatística e ver se estamos ante un problema.

Primeiramente, o mestre ou mestra levará á aula diversos xornais que teñan noticias sobre o despoboamento, e deixaraos sobre a Oficina Problemática; alí, pedirase ao alumnado que busque noticias referidas a este tema e que vaia tomando notas do que lle parece relevante. Poderano facer en grupo ou non. Unha vez atopadas as noticias, farase unha reflexión grupal de cal é a situación do rural galego na actualidade, observando de primeira man esa problemática.

A continuación, acudirán ao ordenador da clase e buscarán información acerca da demografía do Concello do Incio nos últimos anos, e verán así datos curiosos á vez que preocupantes. Ante isto, deberán confeccionar na Oficina unha especie de carteis feitos á man onde se expoñan os datos atopados e aptos para prestarlles especial atención. Situaranos polo colexio para que se vexan e que este feito leve a pensar e a preocuparse. A mestra ou mestre só será un guía na súa aprendizaxe e facilitador do que precisen.

Unha vez feito o anterior e visto que o despoboamento supón un grave problema, no encerado da aula haberá unha pregunta: “É o despoboamento un problema? Por que? A onde nos leva este fenómeno?”. En gran grupo irán respondendo a estas cuestións e mesmo, unha vez respondidas, pódese facer un programa de radio, onde o moderador sexa o docente e os entrevistados os discentes, no que se fale de todo o anterior e se expoñan opinións.

- Transversalidade: coa Lingua Galega (macrohabilidades, textos xornalísticos) e co emprego das Novas Tecnoloxías.
- Duración: 55 minutos.

3.3. SESIÓN III. RESPONDER AO PROBLEMA: DISTINTIVO RURAL

Ante a visión da problemática, algo do que se debe facer é darlle resposta a través de aportar beneficios; por iso, esta sesión estará destinada á creación dunha marca propia para diversos alimentos comúns e tradicionais da zona, como se fose un distintivo de calidade que, ao fin e ao cabo, estase promocionando produtos do rural que impliquen a conservación do mesmo. Comezará a sesión coa chegada dunha carta que levará por título: *Distintivo rural*. Para iso, deberán seguir os seguintes pasos:

- ✓ Buscar diversos alimentos que teñan orixe no seu municipio e que merecen un coñecemento fóra das fronteiras do propio Concello: castañas, noces, porco celta, troitas, mel, amorodos, hortalizas...
- ✓ Debater cales deben ser escollidos para atribuírle o distintivo de calidade.
- ✓ Creación do distintivo de calidade: da marca. Para iso, terán en conta nas súas representacións o Concello do Incio e o rural.
- ✓ Atribución desa marca aos distintos alimentos, xunto cos lugares do municipio onde máis predominan.

Unha vez feito isto, analizarán o que acaban de facer e será que vexan que o rural do Incio ten moita riqueza e variedade, e de aí que se deba protexer e coidar, por iso estamos ante unha actividade que responda ao problema. Esta última análise realizarana por parellas para logo expórllela aos seus compañeiros e compañeiras, sempre coa disposición do docente.

- Transversalidade: coa Lingua Galega (macrohabilidades), con Educación Artística (Plástica) e con Ciencias Naturais.
- Duración: 45 minutos.

3.4. SESIÓN IV. VALORAR O RURAL NO INCIO

Realizarase unha saída común a todo o alumnado do colexio que máis abaixo aparece explicada e detallada.

3.5. SESIÓN V. CONCLUSIÓN: *VÍDESPOBO*

Chegará unha nova carta á *Oficina Problemática* que será titulada *Vídespobo*, nome que levará a presente sesión. O gran grupo e a mestra ou mestre como gravador, deberán realizar unha proxección audiovisual no que falen en como combater o despoboamento, centrándose no caso particular do Incio.

Será o docente o guía, pero serán os discentes os que indiquen o que van dicir no vídeo e os que determinen se queren empregar algún material de apoio ou non. Para compoñer o vídeo final, acudirán á aula de informática na que rematarán coa súa produción.

- Transversalidade: coa Lingua Galega (macrohabilidades) e co emprego das Novas Tecnoloxías, en principio.
- Duración: 55 minutos.

3.6. SESIÓN VI. PREPARACIÓN DO FIN: *PREPARANDO O RETORNO DOS EMIGRADOS*

Nesta sexta sesión, os discentes serán informados a través doutra carta, que chegará á *Oficina Problemática*, do DTI, que será o Día Tradicional do Incio; xornada de portas abertas do colexio, na que todas as persoas que queiran, poderán achegarse a coñecer a “tradición” do Incio. Debido a iso, a carta levará por título a *Preparación do DTI*. Estes dous cursos ocuparanse de investigar sobre os cambios na paisaxe co paso do tempo no Concello do Incio e sobre os retornados emigrados na súa época por escaseza de recursos no seu territorio. Esta sesión unicamente será preparatoria para a xornada do DTI.

Primeiramente, os discentes acudirán á clase con fotografías traídas por eles mesmos (xa que han de ser pedidas días antes) sobre a paisaxe de fai unhas décadas. O docente levará tamén imaxes e non só do pasado, senón que tamén do presente. Ante a expectación que adoitan ter as nenas e nenos sobre as fotografías, eles mesmos farán unha listaxe de aspectos que cambiaron na nosa paisaxe dende fai uns anos a esta parte; deste xeito, analizarase o rural no sentido máis estético. Esa listaxe, farana ordenada para logo presentala no DTI, xunto coas fotografías que se teñen. Ademais, o alumnado deberá confeccionar un debuxo cooperativo no que representen unha paisaxe do municipio do Incio dentro de cincuenta anos e na que se verán aplicados os coñecementos do despoboamento que xa teñen, e máis ao ver a evolución da paisaxe a través da fotografía.

Amáis, xa de postos a traballar coa paisaxe e unha vez feito o anterior, presentaráselles unha imaxe de vexetación antrópica en Galicia, como pode ser unha plantación de eucaliptos, formulándolles a pregunta: “Credes que o despoboamento do rural pode levar a isto? Estades de acordo con este tipo de plantacións?” Deberán meditarán en gran grupo acerca disto e buscando na rede o como este tipo de vexetación deteriora a nosa paisaxe. Isto, poderano incluír no DTI.

A segunda parte desta sesión está destinada a traballar a emigración, e para iso, o docente terá de man a unha ou dúas persoas retornadas que asistirán este mesmo día ao colexio para preparar esta parte do DTI. Estas persoas centraranse en que, pola sobre abundancia de poboación antes e pola falta de traballo no campo, tiveron que emigrar; contarán tamén diversas vivencias que serán collidas ben en vídeos, gravacións ou de xeito escrito, de tal maneira que os nenos e nenas cheguen a comprender a diferenza do pasado coa actualidade. Amáis, os discentes buscarán a onde emigraron as persoas habitantes do Incio e situarano no mapa, vendo así as distintas posibilidades de futuro que tivo a xente (o mapa será exposto o DTI); para atopar esta información, pode ser produtiva unha chamada ao Concello.

Para rematar a sesión, os nenos e nenas exporanse ante unha gravación de audio na que contarán que posibilidades de futuro ven para eles mesmos facendo referencia ao Concello no que se está traballando.

- Transversalidade: coa Lingua Galega (macrohabilidades), con Ciencias Naturais, con Educación Artística (Plástica) e co emprego das Novas Tecnoloxías, en principio.
- Duración: 90 minutos, cun descanso de cinco minutos na metade.

3.7. SESIÓN VII. REMATE

A continuación, detállase o que será esta sesión, común a todas as clases do colexio e como punto central o *Día Tradicional do Incio*.

4. SESIÓN IV DAS TRES PROPOSTAS. VALORAR O RURAL NO INCIO: *VIAXAMOS POLO NOSO CONCELLO, SEMPRE APRENDENDO*

O desenvolvemento da saída realizarase durante a xornada lectiva do colexio de pola mañá, é dicir, das dez da mañá ás dúas do mediodía, pois será suficiente ese tempo para levar a cabo as actividades nos lugares que están previstos. Será unha saída que afectará a todo o colexio e empregárase un autobús como medio de transporte.

Ademais, cada nena ou neno levará unha *Incialana* con eles, que será unha tarxeta, feita polos docentes, á que irán engadindo un adhesivo en cada lugar que paren, facendo así que haxa unha constancia de que estiveron nese lugar; será un símil da *Compostelana*.

En todas as actividades, as mestras e mestres servirán de guía, mais non de transmisor, intentando así que o alumnado aprenda da experiencia e a partires da motivación, de aí que se faga esta saída.

Táboa 2

Recorrido e descrición da saída no deseño inicial

Parada	Lugar	Descrición
1	<u>O Hospital</u>	<ul style="list-style-type: none"> - Participación dun veciño (posibilidade de ser un avó dun discente) que contará: lenda do pobo, número de veciños do pobo no presente e cando el era neno, a historia única dese pobo e curiosidades (que hai ben delas, como a única igrexa de mármore en España, a existencia dunha calzada romana...). - Observación do pobo, das súas tradicións (hortas, gando...) e da súa paisaxe (tipo de vexetación).
-	Autobús	<ul style="list-style-type: none"> - Comentarase e reflexionarase sobre a importancia das persoas para o desenvolvemento dese pobo, a vexetación da súa paisaxe, a súa tradición. - Reflexión: se non houberse persoas, que pasaría? E de seguir así, no futuro, que pasará?
2	<u>Foxo dos lobos</u>	<ul style="list-style-type: none"> - Farase un xogo no chan para que pescuden en que lugar están: tres pedras na que cada unha é unha opción (están no lugar máis alto do Concello / están no foxo dos lobos / están no pobo máis antigo do Concello); situaranse sobre a pedra que consideren a correcta e dirán os seus razoamentos (ideas que xa teñen). - Mostra do foxo dos lobos, pregunta do porqué creen que construían iso, e así, enfocalo a que había gando polos montes porque había moita poboación e tamén empregaban ese recurso. Agora, despoboamento: reflexión en grupo. - Observación da paisaxe e que vexan se está alterada; tipo de vexetación (natural ou antrópica?); falar do risco dos incendios ao volverse todo monte polo non traballo da terra.
-	Autobús	<ul style="list-style-type: none"> - Descanso; pero o docente preguntarlles se están aprendendo aspectos curiosos do rural e do Concello que descoñecían.
3	<u>San Salvador do Mao</u> (Pobo sen habitantes)	<ul style="list-style-type: none"> - Paseo polos camiños do pobo e pregunta: que ven raro? (Non hai animais xa que non hai habitantes no mesmo, a vexetación comeza a ser importante); reflexión do grupo. - Visita (voluntaria) ao cemiterio desa parroquia para ver o elevado número de xente que viviu nese pobo en relación coa nula poboación de hogano.
-	Autobús	<ul style="list-style-type: none"> - Razoar en como viron a vexetación dese pobo e se tal e como está corre algún risco (incendios); preguntar se consideran esa vexetación / paisaxe como bo, ou se sería mellor sacarlle un rendemento económico con outra como os eucaliptos.
4	<u>Val do Mao</u> (Casa Campo)	<ul style="list-style-type: none"> - Merenda no bar / ultramarinos dese lugar. - Pregunta aos discentes "Onde estamos?", atópanse no establecemento dos xefes da empresa de autobuses que os leva ao colexio. A xefa contaralles anécdotas referidas ao pasado como o feito de que antes tiñan que ir nenos ou nenas ao colexio de pé no autobús porque non collían; agora: poucos discentes: despoboamento.
-	Autobús	<ul style="list-style-type: none"> - Falar do decrecemento do número de cativos e cativas no colexio. Futuro; establecer valoracións da riqueza do Concello e, en definitiva, do rural galego.
5	<u>O Incio</u>	<ul style="list-style-type: none"> - <u>Concello</u>, alí a alcaldesa falaranos da importancia do municipio e falaralles da riqueza natural que ten (máis de vinte castros, covas, rutas...); aportará curiosidades. - Faranse dous xogos na casa consistorial: un no que cada discente diga o número estimado de nacementos en cada un dos anos pasados máis próximos, dando o resultado final a alcaldesa e reflexionando con eles do que iso supón; o outro xogo consistirá en que haxa tantos sobres coma discentes, estando

dentro dun sobre o nome dun pobo do Concello xunto co número de habitantes que hai nel; atoparán así o pobo con máis e con menos cidadáns. Verase así o fenómeno do despoboamento dende a práctica.

- Centro de saúde, alí o celador volverá facer cos discentes o xogo de aproximación, pero en lugar de ser o número de nacementos, o de falecementos; reflexión del cos nenos e nenas ao comparalos cos nacementos.
- Dividiranse en catro grupos e cada conxunto deles irán a unha persoa que traballe no ambulatorio; preguntaranlles que opinan do rural e, en concreto do Concello do Incio (diagnose); isto leva á reflexión conxunta dos beneficios e dalgunha posible desvantaxe.

Nota. O Foxo dos Lobos é un tipo de construcións que se utilizaban como empregábanse como trallo tradicional para reducir as poboacións de lobos cando estas se volvían moi perigosas para o gando que había no monte

Empregarase a hora de clase de pola tarde para pór en común todas as reflexións que se lles ocorran, escribíndoas na bitácora do colexio para que as familias sexan coñecedoras das impresións dos mesmos. Faráselles meditar acerca do despoboamento, do futuro do rural galego, do seu municipio en particular e dos aspectos que se han de valorar para evitar este preocupante fenómeno.

- Transversalidade: coas áreas de Educación Física, con Lingua Galega (macrohabilidades e vocabulario), con Educación Física e coas Ciencias Naturais.
- Duración: 4 horas

5. SESIÓN VII DAS TRES PROPOSTAS. REMATE: “DÍA TRADICIONAL DO INCIO (DTI)”

O DTI (*Día Tradicional do Incio*) ten como obxectivo dar a coñecer as tradicións do Concello ao que pertence ao colexio, sempre visto dende o punto de vista do despoboamento do rural galego, isto é, que pasaría se este desaparece e cae logo no esquecemento? Os protagonistas deberán selo as nenas e nenos, pois xa serán entendidos na materia despois de desenvolver todas as sesións anteriores.

A duración do DTI será de dúas horas (das doce ás dúas da mañá), sendo media hora antes de comezar a presentación desta xornada, podendo ser o horario máis flexible ante calquera petición. As condicións para os discentes serán que, como mínimo, deberá haber dous nenos ou nenas

atendendo no seu punto no que son coordinadores, tal e como máis abaixo se explica.

A franxa horaria que vai dende as dez da mañá (hora de entrada ao colexio) ata as once e media, estará destinada á organización do alumnado e do punto que coordinan; entre eles deberán organizarse en canto ás quendas que van facer no seu punto de referencia así como organizar a información que pensan proporcionar ás persoas que asistan ao colexio. Os docentes serán os guías en todo momento e sempre lles lembrarán que os dous puntos centrais do que terán que dicir e facer son o despoboamento do rural galego, centrándose no seu municipio, e o valor da cultura local.

O demais alumnado que non teña que estar no punto que coordina nun determinado momento, aproveitará para estar con todas as persoas que participan neste DTI; as portas do colexio estarán abertas a todas as persoas que garden un determinado vínculo co colexio, ben sexa de xeito directo (familias, alumnado que se formou neste centro...) ou indirecto (veciños, persoas que se sintan identificadas co que se está a facer...), sempre respectando a seguridade do centro educativo e dos seus compoñentes. As persoas asistentes non deberán asistir todas á hora marcada na que se dá comezo ao DTI, poderán visitar o centro cando o consideren oportuno, sempre e cando se respecte o horario fixado.

Táboa 3

Actividades realizadas no DTI

Curso coordinador	Actividade	Descrición
Todos os cursos	Presentación do DTI con posible obra de teatro	Previamente organizada, servirá para agradecer aos asistentes a súa presenza e para presentar a temática sobre a que versarán as actividades: o despoboamento e o valor da cultura tradicional local.
1º e 2º de Educación Primaria	Exposición dun gran cartel de gastronomía local	Neste cartel, o alumnado vencellarao coa cultura do pobo e cos efectos que traería para esta o despoboamento do mesmo. Haberá unha mesa con diversos doces tradicionais doados polas familias dos discentes.
	Mostra da listaxe das festas locais	A listaxe será vista polas persoas e comentada polos nenos e nenas, os cales comentarán aspectos importantes das mesmas así como a importancia das persoas para a realización destas.
3º e 4º de Educación Primaria	Audiovisual de contos, anécdotas ou lendas locais	Haberá varios en versión dixital e proxectadas por un canón, onde o alumnado será o encargado de reproducilos, e mesmo dará pé á reflexión en voz alta dos asistentes e a visión de diversas posturas. Sempre se terá en conta a protección desta literatura popular vinculándoas ao non despoboamento rural.
	Práctica de cinco xogos locais	Os discentes serán os encargados de xogar cos asistentes e participantes á mariola, ao ioiío, ás carreiras de sacos, á pataca e ás chapas. Servirá para que os discentes teñan en boca o valor da nosa cultura.
5º e 6º de Educación Primaria	Mostra da comparación das paisaxes locais do pasado e no presente	As nenas e nenos dirán o lugar no que se localizan esas paisaxes e aludirán ao número de poboación que interfería nelas antes e agora.
	Exposición da listaxe do que cambiou nesas paisaxes	Dende un punto de vista crítico, analizaranse os cambios nesas paisaxes, o que dará lugar á intervención dos adultos participantes, aportándolles novas ideas. O alumnado deberá aludir tamén á idea que teñen acerca da vexetación antrópica, como o eucalipto.
	Mostra do debuxo cooperativo da paisaxe dentro de cincuenta anos	Con el o alumnado dará a entender a súa visión acerca do seu propio Concello, que será o despoboamento e, quizais, o baixo número de habitantes, de aí que se dea orixe ao debate e a reflexión entre os asistentes.
	Exposición de mapas dos emigrados do municipio + vídeos dos retornados asistentes á clase	A partir deles, preténdese que o alumnado faga ver aos asistentes que son distintas as causas da emigración do presente en referencia ao pasado. Tamén favorecerá que vexan a expansión da nosa cultura polo mundo.
	Entrevista a dous retornados	O alumnado fará preguntas a dúas persoas e os asistentes poderano ver. As cuestións serán enfocadas á experiencia da emigración que posúen así como o valor do rural e da cultura galega.

A actividade de *Audiovisual de contos, anécdotas ou lendas locais*, será realizada, en principio, dúas solas veces: unha ás doce e media e a outra á unha e media; namentres que a actividade de *“Entrevista aos retornados”* será

feita dúas veces tamén: unha ás doce e a outra á unha (cada vez entrevistárase a unha persoa distinta e natural do Incio). Faranse só dúas veces cada unha para lograr unha mellor efectividade así como organización. As demais actividades serán elaboradas tantas veces como se demande.

De ser necesario, o DTI podería continuar en xornada lectiva de tarde, isto é, das tres e media ás catro e media; todo dependerá da demanda. Será a través desta xornada como se observe se funcionou a proposta presentada anteriormente ou non.

ANEXO II: TÁBOA DESCRITIVA DO RESULTADO FINAL DA SAÍDA

Táboa 4

Recorrido e descrición da saída

Parada	Lugar	Descrición
1	<u>O Hospital</u>	<ul style="list-style-type: none">- Participación dun veciño (posibilidade de ser un avó dun discente) que contará: lenda do pobo, número de veciños do pobo no presente e cando el era neno, a historia única dese pobo e curiosidades (que hai ben delas, como a única igrexa de mármore en España, a existencia dunha calzada romana...).- Observación do pobo, das súas tradicións (hortas, gando...) e da súa paisaxe (tipo de vexetación).
-	Autobús	<ul style="list-style-type: none">- Comentarase e reflexionárase sobre a importancia das persoas para o desenvolvemento dese pobo, a vexetación da súa paisaxe, a súa tradición.- Reflexión: se non houberse persoas, que pasaría? E de seguir así, no futuro, que pasará?
2	<u>Foxo dos lobos</u>	<ul style="list-style-type: none">- Farase un xogo no chan para que pescuden en que lugar están: tres pedras na que cada unha é unha opción (están no lugar máis alto do Concello / están no foxo dos lobos / están no pobo máis antigo do Concello); situaranse sobre a pedra que consideren a correcta e dirán os seus razoamentos (ideas que xa teñen).- Mostra do foxo dos lobos, pregunta do porqué creen que construían iso, e así, enfocalo a que había gando polos montes porque había moita poboación e tamén empregaban ese recurso. Agora, despoboamento: reflexión en grupo.- Observación da paisaxe e que vexan se está alterada; tipo de vexetación (natural ou antrópica?); falar do risco dos incendios ao volverse todo monte polo non traballo da terra.
-	Autobús	<ul style="list-style-type: none">- Descanso; pero o docente preguntarlles se están aprendendo aspectos curiosos do rural e do Concello que descoñecían.
3	<u>San Salvador do Mao</u> (Pobo sen habitantes)	<ul style="list-style-type: none">- Paseo polos camiños do pobo e pregunta: que ven raro? (Non hai animais xa que non hai habitantes no mesmo, a vexetación comeza a ser importante); reflexión do grupo.- Visita (voluntaria) ao cemiterio desa parroquia para ver o elevado número de xente que viviu nese pobo en relación coa nula poboación de hogano.
-	Autobús	<ul style="list-style-type: none">- Razoar en como viron a vexetación dese pobo e se tal e como está corre algún risco (incendios); preguntar se consideran esa vexetación / paisaxe como bo, ou se sería mellor sacarlle un

		rendemento económico con outra como os eucaliptos.
4	<u>Val do Mao</u> (Casa Campo)	<ul style="list-style-type: none"> - Merenda no bar / ultramarinos dese lugar. - Pregunta aos discentes “Onde estamos?”, atópanse no establecemento dos xefes da empresa de autobuses que os leva ao colexio. A xefa contaralles anécdotas referidas ao pasado como o feito de que antes tiñan que ir nenos ou nenas ao colexio de pé no autobús porque non collían; agora: poucos discentes: despoboamento.
-	Autobús	- Falar do decrecemento do número de cativos e cativas no colexio. Futuro; establecer valoracións da riqueza do concello e, en definitiva, do rural galego.
5	<u>O Incio</u>	<ul style="list-style-type: none"> - <u>Concello</u>, alí a alcaldesa falaranos da importancia do municipio e falaralles da riqueza natural que ten (máis de vinte castros, covas, rutas...); aportará curiosidades. - Faranse dous xogos na casa consistorial: un no que cada discente diga o número estimado de nacementos en cada un dos anos pasados máis próximos, dando o resultado final a alcaldesa e reflexionando con eles do que iso supón; o outro xogo consistirá en que haxa tantos sobres coma discentes, estando dentro dun sobre o nome dun pobo do Concello xunto co número de habitantes que hai nel; atoparán así o pobo con máis e con menos cidadáns. Verase así o fenómeno do despoboamento dende a práctica. - <u>Centro de saúde</u>, alí o celador volverá facer cos discentes o xogo de aproximación, pero en lugar de ser o número de nacementos, o de falecementos; reflexión del cos nenos e nenas ao comparalos cos nacementos. - Dividiranse en catro grupos e cada conxunto deles irán a unha persoa que traballe no ambulatorio; preguntaranlles que opinan do rural e, en concreto do Concello do Incio (diagnose); isto leva á reflexión conxunta dos beneficios e dalgunha posible desvantaxe.

Nota. O Foxo dos Lobos é un tipo de construcións que se utilizaban como empregábanse como trallo tradicional para reducir as poboacións de lobos cando estas se volvían moi perigosas para o gando que había no monte

ANEXO III: TÁBOA DAS ACTIVIDADES A REALIZAR NO DTI

Táboa 5

Actividades realizadas no DTI

Curso coordinador	Actividade	Descrición
Todos os cursos	Presentación do DTI con posible obra de teatro	Previamente organizada, servirá para agradecer aos asistentes a súa presenza e para presentar a temática sobre a que versarán as actividades: o despoboamento e o valor da cultura tradicional local.
1º e 2º de Educación Primaria	Exposición dun gran cartel de gastronomía local	Neste cartel, o alumnado vencellarao coa cultura do pobo e cos efectos que traería para esta o despoboamento do mesmo. Haberá unha mesa con diversos doces tradicionais doados polas familias dos discentes.
	Mostra da listaxe das festas locais	A listaxe será vista polas persoas e comentada polos nenos e nenas, os cales comentarán aspectos importantes das mesmas así como a importancia das persoas para a realización destas.
3º e 4º de Educación Primaria	Audiovisual de contos, anécdotas ou lendas locais	Haberá varios en versión dixital e proxectadas por un canón, onde o alumnado será o encargado de reproducilos, e mesmo dará pé á reflexión en voz alta dos asistentes e a visión de diversas posturas. Sempre se terá en conta a protección desta literatura popular vinculándoas ao non despoboamento rural.
	Práctica de cinco xogos locais	Os discentes serán os encargados de xogar cos asistentes e participantes á mariola, ao ioió, ás carreiras de sacos, á pataca e ás chapas. Servirá para que os discentes teñan en boca o valor da nosa cultura.
	Mostra da comparación das paisaxes locais do pasado e no presente	As nenas e nenos dirán o lugar no que se localizan esas paisaxes e aludirán ao número de poboación que interfería nelas antes e agora.
5º e 6º de Educación Primaria	Exposición da listaxe do que cambiou nesas paisaxes	Dende un punto de vista crítico, analizaranse os cambios nesas paisaxes, o que dará lugar á intervención dos adultos participantes, aportándolles novas ideas. O alumnado deberá aludir tamén á idea que teñen acerca da vexetación antrópica, como o eucalipto.
	Mostra do debuxo cooperativo da paisaxe dentro de cincuenta anos	Con el o alumnado dará a entender a súa visión acerca do seu propio Concello, que será o despoboamento e, quizais, o baixo número de habitantes, de aí que se dea orixe ao debate e a reflexión entre os asistentes.
	Exposición de mapas dos emigrados do municipio + vídeos dos retornados asistentes á clase	A partir deles, preténdese que o alumnado faga ver aos asistentes que son distintas as causas da emigración do presente en referencia ao pasado. Tamén favorecerá que vexan a expansión da nosa cultura polo mundo.
	Entrevista a dous retornados	O alumnado fará preguntas a dúas persoas e os asistentes poderano ver. As cuestións serán enfocadas á experiencia da emigración que posúen así como o valor do rural e da cultura galega.

A actividade de *Audiovisual de contos, anécdotas ou lendas locais*, será realizada, en principio, dúas solas veces: unha ás doce e media e a outra á

unha e media; namentres que a actividade de *Entrevista aos retornados* será feita dúas veces tamén: unha ás doce e a outra á unha (cada vez entrevistárase a unha persoa distinta e natural do Incio). Faranse só dúas veces cada unha para lograr unha mellor efectividade así como organización. As demais actividades serán elaboradas tantas veces como se demande.